

ASOCIACIÓN CULTURAL AIRA DAS MANTAS



MACEDA DE LIMIA
OURENSE

**A
L
C
A
T
R
U
Z**

ANO I

Nº 0

AGOSTO 2008

ALCATRUZ



Revista cultural gratuíta

Foto Portada: Antiga Praza do Alcatruz (Maceda)

Agosto 2008

Nº 0

Ano I

Edita

Asociación "Aira das Mantas"

Maqueta

José Luis Rodríguez

Milagros Aldemira

Colaboracións

Luis Del Campo

Santiago Prol

Francisco Carballo

Manolo Froufe

Ambrosio Borrajo

Antonio O. Ferreiro

Mª del Carmen Aldemira

Ramón Sarmiento

Pilar Aldemira

Avelina Losada

Sumario:

Vestixios dos nosos devanceiros. Os comezos da historia de Maceda

Da nova á novísima canción galega. Per-corrido polas principais etapas da música galega.

A igrexa desexada. Achéganos ás orixes das relixións.

Paco Nóvoa e os 40 anos da "Postal".

Nosa lingua primoxénita! Reflexión sobre a lingua galega.

O condado de Xocín. Descrición do con-dado de Xocín no século XVII.

Ler. Para que? Invitación ós pais/nais a crear grandes lectores.

O Val de Maceda (Parroquia a parroquia) Asadur.

Subvenciona: Concello de MACEDA



LIMIAR

Luis del Campo (O Barbeiro)

“Pobo que non garde a tradición está condenado a morrer así ou o que cicais sexa peor, a levar unha noxenta vida de prestado.”

*Paisaxes Urbanas
Decembro 1926
R. Otero Pedrayo*



FELO

En Maceda, o 18 de Xaneiro do 2008, reunidos uns veciños no noso Concello acordamos fundar unha asociación cultural á que lle chamamos “AIRA DAS MANTAS”. Despois de promover unha serie de conferencias sobor de distintos temas, mentres se facían as tramitacións oportunas para a súa legalización, ían sentándose as bases e os fins de dita asociación.

Xa na seguinte reunión, o 22 de Febreiro, acordamos sacar adiante unha publicación de carácter enteiramente cultural e gratuíta, para a que pedimos -dende estas páxinas- a colaboración dos nosos veciños e agrupacións culturais da nosa comarca.

Neste intento de achegar á xente a nosa cultura, no sentir máis amplo que o significado que esta verba pode levar consigo, nace esta asociación, sen máis pretensións que a de servir de espallamento do que foi, é e seguirá sendo este fermoso val de Maceda de Limia, como así se chamou até ben entrado o século XX.

Para dar a coñecer os costumes, a historia, a literatura, os monumentos, as lendas, os contos... e todos aqueles avatares que chegaron a conformar estes pobos que xunguidos forman o Concello de Maceda, parimos esta publicación que sairá periodicamente como medio de expresión e inquedañas da nosa xente.

Somos un grande pobo, só temos que crer nel, e como dixo o grande Otero Pedrayo “...non queremos unha noxenta vida de prestado.”

VESTIXIOS DOS NOSOS DEVANCEIROS (I)

Santiago Prol

En tempos arredados houbo un rei en Xinzo da Costa que posuía un pazo no lugar chamado Os Valcobos. Tiña unha filla moi fermosa da que se namorou un príncipe. O Rei dos Valcobos, como condición para concederlle a man da princesa, esixiulle ao namorado que construíse unha estrada até o cumio que non tivese subida nin baixada. Eis a orixe do Camiño da Xe.

LENDA POPULAR

A Depresión de Maceda amosou forte descompresión tectónica no Terciario por mor da falla do Rodicio. A fonda conca de sedimentación do Medo foise conformando até ben entrado o Cuaternario, que mesmo sinala o límite do troco climático (Pérez Alberti: 1993). Arredor do antigo lago do Medo e mesmo abeirados ás corgas da Serra de San Mamede, fóronse asentando as primeiras tribos que habitaron este territorio. Achegaríanse xa que logo, subindo Lusitania e despois -con novas camadas- polo norte e o noroeste.

Non poucos autores amentan aos oestrimnios ou mesmo a tribos máis lonxincuas como poboadores primixenios deste territorio. Tamén se amenta aos *saefes*. Ao longo do primeiro milenio a. C., foron achegándose pobos atlánticos do noroeste que ocuparían e ampliarían os asentamentos que erixiran os indíxenas neste privilexiado marco xeográfico. Os interámnicos -os moradores de entre ríos- outrosí estableceríanse no Val do Medo [algúns autores dirrecionan cara Tras-

os-Montes]. Pola Ara de Asadur colíxese que perduraba certa organización tribal na que pagaban fortes tributos. No documento granítico consta o agradecemento a un funcionario [Quinto Licinio] por conseguir impostos



Ara de ASADUR

máis equitativos. A comunidade loaría o xesto.

O epígrafe "Q. LICINIO. VEC. II RES. P. INT. SVPER, ALIA, CONPLVRA, MERITA PARES, CVN FISCO RATIONES. INFATI GABILI. CVRA. ET INDVSTRIA. EIVS CONSECVTVA", foi interpretado por Rivas Fernández (1973) e Rodríguez Colmenero (1973) con matices diverxentes. O epigrafista Le Roux (1996) asevera que a inscrición focaliza -con bastante seguridade- Asadur como lugar matricial da *Civitas Interamicorum*. Vertemos adaptado ao galego o relevante do-

documento: "A República dos interámnicos dedica esta lousa a Quinto Licinio quen logrou, entre outros méritos acadados, as recadacións axustadas ao fisco, con sumo coidado e habilidade".

Na contorna existen abondosos vestixios da xeira primixenia. A Arca do Medollo [Madrollo / Modrollo], semella un tombo a xeito de mámoa. Áchase abeirado ao castro de Malamao, rentes de Castro de Escuadro, no que se acharon plataformas circulares, restos de murallas, de casas e cerámica romana. Alí agromou unha lenda sobre o telúrico "Facho do Castro" [unha enigmática luz] que deu para bastante literatura [Vidal (1930), Risco (1930), Conde-Valvís (1940)...]. Algún autor enmárcao como lugar sagrado onde repousarían cinsas dalgún egrexio líder primitivo (Rivas Quintas: 1985). Outrosi permanecen copiosos enterramentos prerromanos: Monte da Mámoa en Calvelo, Mámoas do Monte de Lamas, Mámoa de Tioira, Campo de Mámoas da Veiga, Francos, Xinzo da Costa... Abondan asentamentos castrexos o que denota forte ac-



tividade demográfica naquela xeira: Malamao (Castro de Escudro), Ventoso (Serra de San Mamede), Os Castrillós (Calve-liño), Casarella (Xinzo da Costa), Santa Marta (Tioira), Lamas do Monte (parroquia de Zorelle), A Torre (Maceda)... No complexo de Xinzo da Costa [Pedriñeira, Xinzo e Outra Aldea] os inxentes vestixios direccionan cara todo un mundo prerromano e romano atestado de enigmas por dilucidar, mesmo con cultos primixenios ao sol e ás serpes. Existen reputados autores [Alvarado, Rivas e Vega, 2000] que sitúan Salientibus [unha sonada mansión romana dotada de parada de postas e pousada] abeirada a Xinzo da Costa [non en Baños de Molgas]. Alí tamén houbo petroglifos, lápidas con simboloxía prerromana e o célebre Penedo do Tesouro, un rochedo gravurado que Barros Sibelo viu en 1859 e que deu a coñecer en 1875.

As lexións romanas tocaron este territorio e o resto da Gallaecia polo 138 / 137 a. C., ao mando do xeneral Décimo Junio Bruto que mesmo viña na procura de metais preciosos [ouro, prata] e outros minerais. A invasión trocouse en ocupación loxística para as Guerras Cántabras na época de Octavio Augusto [27 a. C]. Logo en mestura cos naturais comezando a romanización dos castrexos. Tamén baixarían ao Val do Medo para explotalo asentándose nas *villae*: agricultura, caza, pesca, minería... A calzada romana que xunguía Bracara Augusta [Braga] con Astúrica Augusta [Astorga] -seguindo unha

diagonal S.O / N.E- ao longo de 210 millas romanas [330 km aprox.], foi construída no séc. I d. C., por orde de Vespasiano e o seu fillo Tito. Restaurada na época de Maximino e do seu descendente Máximo, aparece reflectida no Itinerario de Antonino [séc. III]. Esta arteria de comunicación -capital para o tránsito comercial de longo percorrido e coñecida como Vía Nova-, pasaba polo corazón do noso territorio por dous trazados. Un primeiro -inzado de interrogantes- ía por Pías, Barxela, Vilar de Cas, Xinzo da Costa, non lonxe de Paioso e o Alto da Costa. Nun trazado posterior [máis operativo xa que logo non se debía pasar do 5,5% / 6% de pendente máxima] enfilaba por Foncuberta, Cimadevila, a Igrexa, Couzada, Santiago da Costa para unirse co trazado antigo. Seguía polo lendario Camiño da Xe. Faldreaba até os Chaos do Rodicio dirección norte, Covas, A Costela... camiño de Astorga.

Da Vía Nova quedaron eiquí abondosas pisadas. Na encrucillada de Foncuberta aínda conservamos un miliario -dedicado a Maximino e Máximo-, hogano reconvertido en peto de ánimas que sinalaba a distancia a Braga [80.000 pasos] e tres semiamputados en casas particulares. Outros miliarios (ou anacos)



Ara de PÍAS

permanecen espaxados entre nós: Subalonga, catro na rectoral de Cimadevila de Tioira [re-empregados xunto con outros restos romanos]. Tamén aras relevantes.

A votiva de Pías xungue o mundo prerromano co romano: "TOROLO COMBICIEGO.FLAVIVS.FLAVIANVS V S L M". Foi interpretada por Rivas Fernán-



Ara de ESCUADRO

dez(1973),Rodríguez Colmenero (1973), Rivas Quintas (1985): "Flavio Flaviano cumpriu, satisfeito, a promesa ao deus [galaico-romano] Torolo Combiciego [das Combicias]". A marmórea Ara de Escudro amenta a fusión de familias indíxenas e romanas: "APRONIA RVFA DOVAECIAE PATÉRNAE F ET TALAVIAE FLAVINAE. F FC". Foi estudada hai máis dun século por Vázquez Núñez (1902). Tamén por Marcelo Macías (1913) e outros autores: "Apronia Rufa coidou que se fixese este monumento a Dovecia, filla de Paterna e a Talavia, filla de Flavina". Coa poboación romanizada transcorrerían en paz até o século V no que houbo enfrontamentos entre galaico-romanos e os suevos -un pobo de orixe bárbara-, deixando paso a un novo tempo co nacente Reino de Galiza, no que a nosa contorna seguiría a ter protagonismo salientábel.

BIBLIOGRAFÍA

ALVARADO, RIVAS e VEGA.: (2000), *La Vía Romana XVIII (Vía Nova). Revisión de su trazado y mensuración II. De los Limici a los Gigurri*, Boletín Auriense, Anexo 25, Ourense, Museo Arqueológico Provincial.

BARROS SIBELO, R.: (1875), *Antiguedades de Galicia*, A Coruña, Imp. de Domingo Puga.

CONDE-VALVÍS F.: (1959), *La capilla titular de la Sierra de San Mamed*, Ourense, Imp. La Región.

CONDE-VALVIS F.: (1960), *O Facho do Castro*, Ourense, Imp. La Región.

FERRO COUSELO, .: (1974), *La romanización en la parte bracarense del sur de Galicia*, Boletín Auriense, IV, Ourense, Museo Arqueológico Provincial.

DURO PEÑA, E.: (1973), *El Monasterio de Santa Marina de Asadur*, Archivos Leoneses nº 54, León.

LE ROUX, P.: (1996), *Las ciudades de la Gallaecia romana durante el Alto Imperio*, Gerión, nº 14, Servicio de Publicaciones de la Universidad Complutense de Madrid.

MACÍAS, M.: (1913), Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense [BCMO], IV.

PÉREZ ALBERTI, A.: (1993), *Xeografía de Galicia*, Santiago de Compostela, Ed. GEG.

RISCO, V.: (1930), *Provincia de Orense. Geografía General del Reino de Galicia*, Barcelona, Ed. Carreras Candi.

RIVAS FERNÁNDEZ, J. C.: (1973), *Nuevas aras romanas orensanas y rectificaciones interpretativas en torno a otros epígrafes galaico-romanos ya conocidos*, Boletín Ourense, Vol. 3, Museo Arqueológico Provincial.

RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: (1973), *Los Interamnici del Convento Bracaraugustano y su dios indígena Torolo Gombiciego*, Hispania Antiqua, vol. III.

RIVAS QUINTAS, E.: (1985), *A Limia: Val da Antela e Val do Medo*, Ourense, Deputación Provincial.

VÁZQUEZ NUÑEZ, .: (1902), BCMO, II. Ourense.

VIDAL RODRÍGUEZ, M.: (1930), *Contos d'Antano e d'Hogano*, Santiago de Compostela., Tip. El Eco Franciscano.



DA NOVA Á NOVÍSIMA CANCIÓN GALEGA

Manolo Froufe

A música galega (falo da de raíces étnicas e da que emprega textos en lingua vernácula) está pasando por un intre expansivo. Coido que o mellor da súa historia. É certo que en canto a vendas en formato convencional (polo de hoxe segue sendo o CD) pódese falar dunha travesía do deserto, por aquilo das novas formas de distribución do produto por *a rede*. Xa se sabe: a música para os MP3, MP4, iPod, iPhon e outros farraganchos tecnolóxicos actuais (tan criticados polos amantes de ouvir os matices, pero tan axeitados para escoitar música mentres se camiña, viaxa e xa tamén nas casas), entra a formar parte dela por internet, legal ou ilegalmente. Por outra banda, fronte ó que ocorre nas grandes urbes, en Galicia tampouco está boiante o tema dos concertos de pago. Nembargantes, aparte do reducido público en poboacións pequenas disposto a pagar, neste caso a boa nova é que iso se debe tamén á grande cantidade de concertos gratuítos promovidos polas diversas institucións e asociacións culturais do país. Postos a nomear puntos débiles, tamén se bota en falta un mor desenrolo e organización dos representantes, promotores e mángers locais. Deberían gañar máis visibilidade e facer-

lla gañar á música galega, dentro e fóra de Galicia, en España e no estranxeiro, cousa que está empezando a suceder. De calquera maneira, o certo é que dende os últimos anos do século pasado a creatividade, a innovación e a calidade do produto (compositores, instrumentistas, vocalistas e obras) parece fóra de toda dúbida.

Parte das razóns desta eclosión tén que ver cos efectos do desenrolo autonómico e das políticas de apoio á cultura autóctona. Isto deu lugar, por exemplo, á existencia de 20.000 estudantes de música repartidos en 700 centros de ensino, con case que outros tantos mestres, a maior parte deles dalgunha maneira vencellados, aunque non sempre sexa de cheo, a plantexamentos de raíz. Esas escolas están sendo xa hoxe unha canteira de innovación permanente, e aínda o serán máis para adiante. ¡Oxalá que a aprendizaxe musical académica siga *in crescendo*! A inspiración, as emocións e as boas vibracións sempre dan mellores froitos cando medran xunto co oportuno desenrolo da habilidade e da técnica. A todo o dito hai que engadir, agora que está case que esgotado o rock, os tempos favorábeis que corren para as *músicas do mundo* con reminiscencias étnicas (turca, grega,

portuguesa, escandinava, hispana, balcánica, africana, árabe, armenia...), e para as colaboracións entre moitas delas e con outros xéneros. Tamén están axudando, por suposto, as novas tecnoloxías, que permiten faguer e rexistrar mellores produtos sonoros ca nunca. En fin, convén que as musas pillen os artistas traballando dabondo, con bos recursos técnicos e dentro dun clima propicio. E en Galicia esas cousas hoxe danse en boa medida, en conxunto, cando menos se comparamos con calquera outra época anterior.

Nembargantes, o obxectivo do presente artigo non é faguer unha louvanza da produción *actual*, nin sequera debuxar a súa panorámica, senón trazar un pequeno percorrido polas principais etapas da música galega, dende os primeiros rexistros fonográficos até hoxe. Xa teremos ocasión máis adiante, en sucesivos traballos, de furgar nas diversas etapas e xéneros musicais que agora quero presentar de forma sucinta. Pois ben, no intre de falar de etapas, seguramente é doado fixar como referencia ineludíbel, un fito histórico, o nacemento hai 40 anos (no tan prolífico, en acontecementos de referencia, ano 68) da *nova canción galega*. Antes deste importante movemento de can-

cións reivindicativas e contestatarias era o folclore, máis apegado ós xéneros tradicionais. Despois veu o folk, coas súas músicas de raíces étnicas, pero evolucionadas, até chegar ó neofolk e ás fusións actuais. Fagamos, pois, un pequeno repaso destas fases.

Até o ano 1968 a música étnica feita en Galicia (e tamén noutras rexións de España) tiña o marchamo imposto polo réxime dictatorial e as súas rancias bandas de música e coros e danzas, que teimaban en reducir as súas aportacións ós estereotipos folclóricos, sen apenas marxe para a innovación. Non fora que se saíran de nai e fixeran medrar culturas identitarias diferenciadoras, ou dixeran cousas inoportunas para o sistema. Deste xeito, a produción sonora con maior difusión centrouse na que aportaban grupos, case sempre de homes, salvo as pandereteiras, ataviados con traxe folclórico re-




xional interpretando muiñeiras con gaita, bombo e pandeiras. Ben é certo que aínda así xurdiron músicos, grupos e escolas de gaitas interesantes, como o tan nomeado Avelino Cachafeiro Bugallo e os seus irmáns e pai (coñecidos como Os Gaiteiros de Soutelo), Faustino San-

talices coa zanfona e a súa voz telúrica, e tantos outros artistas e artesáns da música, como deixa claro, por exemplo, o interesante rexistro feito no 53 por Alan Lomax: *The spanish recordings: Galicia*. A dictadura e a pobreza material e cultural que a acompañaron durante décadas non foron obstáculos dábondo para asfixiar a creatividade popular, que moitas veces arrinca da necesidade. Durante eses negros anos non deixaron de rexistrarse interesantes pezas instrumentais e outras que musicaban textos populares ou escollidos da poesía galega: alalás, coplas de cegos, pasacorredoiras, alboradas, romances, xotas, foliadas, cantigas de seitura, de romaría, de fiadeiro e, como non, muiñeiras.

Teño que recoñecer a miña ignorancia case absoluta da produción previa á dictadura: tempos da república e máis antergos, e do daquela troncado estatuto autonómico. ¡Quén sabe qué sería da nosa cultura con el, e sen dictadura! Estoume metendo, pois, onde ningún me chama, xa que somentes me podio considerar un mero ouvidor afeito a músicas diversas, e máis nada neste eido. Aínda así, arriscando un chisco, podio sinalar que os primeiros rexistros sonoros, cunha calidade xeitosa para os tempos dos que estamos falando, datan de hai máis dun século. É o caso das gravacións feitas no 1904 por a *Compagnie Française du Gramophone* ó coro pontevedrés Aires da Terra, dirixido por Perfecto Feijoo, e das que o empresario coruñés

Pedro Ferrer merca os dereitos para a súa distribución non somentes en Galicia, senón pensando tamén nos emigrantes de alén do Atlántico: os da outra beira. ¡Sempre a diáspora da nosa xente, qué cousa..., e iso que non somos xudeos! Hai outras producións interesantes previas á dictadura, como son as feitas no 28 polo xa mentado zanfonista de Bande Faustino Santalices, quen seguiu producindo boa música até cerca da súa morte, no ano 1960 en Madrid. Ou, por sinalar unha das pezas mestras ó longo de tódolos tempos, *Negra sombra*, composta cerca do fin do século XIX por Xoan Montes sobre texto de Rosalía, e posta en escea por primeira vez en 1892 no Gran Teatro do Centro Galego de A Habana. ¡Dende logo, non puido ser estreada en mellor sitio: sen dúbida o teatro 'galego' máis maxestuoso, ubicado nunha cidade só metade estranxeira, que tamén tén o cemiterio 'galego' posiblemente maior do mundo! ¡Desgraciadamente, a grandeza galega dese teatro cubano é pasada, mentres que a do cemiterio Colón é presente!



Pero, non imos profundar máis nestas cousas, nin nestes períodos pre/dictatoriais.

Volvendo á Galicia 'interior', a cousa cambiou cos ester-



tores da dictadura, nos seus últimos anos. Como xa dixemos, no 68 nace a *nova canción galega* da man de *Voces Ceibes* (en adiante, VC). Trátase dun colectivo integrado por unha serie cada ano maior de cantautores. Aínda que cada un operaba con identidade propia, facían todos baixo o paraugas desa 'marca' colectiva, con planteamentos moi semellantes nas mensaxes e no plano estético-formal. Foi un movemento musical moi alonxado dos anquilosados estereotipos folclóricos. Aínda que ás veces votaban man dalgúns elementos étnicos no son, polo xeral manexaban como elemento musical central, ademais da voz, un instrumento universal: a guitarra, e non a gaita. En canto a contidos das mensaxes, fronte ás desmesuradas louvanzas da terra e das súas xentes e cousas, nas que viña insistindo pertinazmente o folclore, este movemento cultivou unha forte crítica político-social, con textos en galego, ás veces feitos polos propios autores e intérpretes da música, e outras musicando poemas alleos, de escritores comprometidos cos problemas da xente común da época: Celso Emilio Ferreiro, o que máis. Así, ocupáronse de asuntos que aflixían ós campesiños, ós xornaleiros e obreiros, ós mariñeiros, emigrantes e, en xeral, ós desherdados do sistema caciquil e inxusto que rexía entón. E non lle faltou tempo nin inqueda para tratar tamén oprobios alleos, dos oprimidos que bulían polo mundo adiante, tal como eran albiscados por mozos

cheos de boas intencións, e de case que outra tanta inxenuidade.

Dende logo, non se trata dun caso illado. Foi un movemento máis ou menos emparellado no tempo e nos planteamentos con outros nacionais semellantes, dos que recibiu influencias e nos que tamén influíu algo, como *Els Setze Judges* que xeraron a *Nova Cançó* en Cataluña, *Ez Dok Amairu* no País Vasco ou *Canción del Pueblo* en Madrid, cada un dentro do seu contexto, loxicamente. Até certo punto tamén coincidiu e viuse influído por outras correntes culturais esóxenas, maiormente o movemento hippy irradiado dende California, a revolución cultural posta en marcha na universidade francesa en maio do 68, o pop-rock anglosaxón (e logo universal) ou os cantautores franceses. De entre todas as influencias nomeadas, merece unha mención persoal moi especial o papel de Raimon. Xa había tempo que este cantautor valenciano viña faguendo na súa lingua vernácula cancións e concertos deste xeito, con grande éxito entre os movementos de esquerda, pese á vixilancia e represión a que eran sometidas tales manifestacións. Sen dúbida, el abriu unha fenda importantísima. Pois ben, cantautores como Benedicto García e Xavier del Valle, fundadores de VC, seguiron a súa estela: *ou vai ou racha*, podería ser o lema, nese intre. Pronto se xunxeron a eles outros: Xerardo Moscoso, Vicente Araguas e Guillermo Rojo... Empezaron

pouco e pouco compondo pezas e dando pequenos concertos por diferentes lugares da xeografía galega, moitos deles prohibidos ou censurados en canto ó seu desenrolo. E logo axiña chegaron os primeiros discos, rexistrados en Barcelona, onde había máis tradición e industria discográfica, e onde xa estaba traballando un músico de longo percorrido, Miro Casabella, que lle botou unha man á xente de VC e que, de feito, tamén se integrou nese movemento. Como tamén se incorporou Bibiano.

Nembargantes, despois duns poucos discos e máis concertos dentro e fóra de Galicia (algúns deles case que antolóxicos, pola loita contra a dictadura que catalizaron), os integrantes de VC dan por finiquitada a *marca* a finais do 74. No seu canto, algúns deles promoveron o *Movemento Popular da Canción Galega*, con planteamentos mais eclécticos e abertos, no que tamén couberan artistas menos politizados, como Pilocho, Antón Seoane, Rodrigo Romaní, Faiscas do Xiabre, Emilio Cao, Jei Noguerol, Luis Emilio Batallán e uns poucos máis. En si, este movemento tivo un percorrido ben curto. Un recital en Santiago no 75 e pouco máis, como agrupación compactada. Ó final dese ano morre un galego do carallo (¡Franco, ese pequeno-grande home), e arrinca a transición política. A nivel nacional na música esta data vén sinalada polo *Primeiro Festival dos Pobos Ibéricos*, que en maio do 76 reuniu na Univerdade Autónoma de


Madrid (onde quen isto escribe daquela rematara a carreira de Psicoloxía) a artistas contestatarios de España e Portugal, e a 40.000 persoas zapexando no bulleiro entusiasmadas co futuro democrático que nos agardaba. Este episodio e o fervor libertario co que se viviu lémbreme o dunha festa semellante do Partido Comunista de España



(PCE), pasada tamén por toda a auga do mundo, e que o titular dun xornal da época retratou certa e inxeniosamente: *Como pces en el agua* (¡entón si que chovía, e non agora, aunque, como ben dicían Os Resentidos, ás veces tamén faguía un sol de carallo!). Nembargantes, coa democracia esmoreceron os movementos reivindicativos e contestatarios, tamén na música.

Deste xeito, dos cantautores que participaron na canción político-social galega soamente aguantaron os que puideron darlle unha continuidade artística á súa carreira. Así, a nivel étnico arrinca un folk feito con frecuencia por músicos e grupos que ensancharon os esquemas sonoros e os instrumentos empregados até entón, mentres que unha boa parte das pezas desenvólvense sen letra e, por tanto, sen carga ideolóxica nin lingua diferencial. Re-

sulta, pois, moito máis universal, xa que nin o galego nin nin-



gunha outra lingua do mundo que non sexa o asoballador inglés e a colonizadora cultura anglófona que o arroupa, pode aspirar a ser masivamente aceptada fóra das súas fronteiras naturais. Isto, xunto coa calidade da música, facilita o seu espallamento dentro e fóra de Galicia. O caso máis paradigmático é, sen dúbida, Milladoiro. Músicos como Rodrigo Romani, Antón Seoane, por mentar dous, fan del un grupo senlleiro, innovador e cunha calidade notábel, que logra recoñecemento dentro e fóra de Galicia, incluída Europa e as Américas. Pero xorden moitos outros tamén moi interesantes. Un deles, Fuxan os Ventos, máis ligado ó folclore. E no seu caso, si que empregan con frecuencia de maneira militante textos comprometidos socialmente. Outro caso notábel é Doa, co seu folk progresivo, tanto instrumental como con textos lírico-populares, a cargo dun grande músico, Miro Casabella, un dos que sobreviviu da era VC. Está tamén Brath, co inqueda Eloy Caldeiro, que pode ser considerado o primeiro grupo de rock étnico progresivo, que integra os sons da gaita, a batería, o baixo e a guitarra eléctrica.

Desta maneira xenera complexas estruturas harmónicas e rítmicas, nas que mestura estilos de raíz con outros alleos, dentro do que se acabaría chamando "música de fusión", nalgunha fase soamente instrumental e noutras con textos tamén comprometidos socialmente.

Algo semellante sucede coa prometedora carreira de Emilio Cao, que no seu intre tamén se incorporou ó efímero *movemento popular da canción galega*, e que no 77 rexistrou o primeiro traballo galego de música celta (*Fonte do arañe*). Con este vinilo marca a súa liña de combinar temas instrumentais con outros de contido lírico cantados por el, como tamén fai Eloy Caldeiro e uns poucos máis, nunha terra que, salvando os primeiros tempos do folclore feito por homes, está dominada por voces de mulleres, maiormente hoxe: Rosa Cedrón, Uxía, Mercedes Peón, Maite Dono, Guadi Galego, Ugia Pedreira ... Outro caso histórico a ter en conta é a produción pop/comercial en galego, xa durante a dictadura, de Andrés do Barro, con éxitos a nivel peninsular, como o que recolleu en 1970 coa canción *O tren*, á que seguirían outras tamén bastante populares. Ben é certo que o sistema que entón manexaba os fíos da música comercial tratou de arrastralo a faguer música en castelán, sen conseguilo de todo. Outro que fixo algunha incursión moi esporádica na canción galega, principalmente coa obra *Galicia miña, nai dos dous mares*, foi o incombustíbel Juan Pardo, que viña do pop



dos Pekenikes, os Brincos e o dúo Juan y Junior, antes de se lanzar en solitario á canción comercial 'lixreira', case que toda ela cantada en castelán. Tampouco podemos esquecer a excelente musicación de poemas de Rosalía e doutros textos populares galegos feita polo berciano Amancio Prada, con traballos de referencia, como *Rosalía de Castro* ou *Caravel de caraveles* e algunha máis.

Na época que nos ocupa (de finais dos 70 ós primeiros anos 90) tamén é de destacar o rock feito en Galicia, particularmente dende a movida viguesa: Siniestro Total, Golpes Bajos, Aerolíneas Federales, Los Suaves, Los Limones, Os Diplomáticos de Monte-Alto, Os Resentidos, Nación Reixa, Def Con Dos, Killer Barbies e uns poucos máis. Se ben todos eles, coas excepcións de Os Resentidos e Nación Reixa, dúas formacións promovidas polo inqueda Antón Reixa, deben ser considerados a contribución galega ó pop-rock-punk-rap nacional e universal, practicamente sen identidade diferenciadora localista algunha, se exceptuamos pequenos guiños ocasionais á lingua ou á música galegas. Ese non é o caso de Os Resentidos, que empregan sistematicamente o galego, e son os primeiros en popularizar nesta lingua ó longo de todo o país, e parte do estranxeiro, unha peza de rock (*Galicia canibal*, tamén coñecida como *Fai un sol de carallo*, antes aludida). Nin tampouco é o caso de Nación Reixa, que editou en galego os seus dous discos desta fase,

aunque nun deles tamén fixo versión en castelán. Pero, o certo é que estamos falando de casos illados.

Nembargantes, a principios dos 90 xurdiu dentro deste xénero un movemento ideolóxico/contestatario claramente militante da cultura e da problemática da xuventude galega. Falamos do movemento rock *Bravú*, liderado por artistas como Xurxo Souto, Antón Reixa (joutra vez Antón!), baixo postulados que chegou a plantexar o escritor Xavier Baliño, e co que tamén aínda colaborou algo Manuel Rivas. Trátase dun rock maiormente periférico dentro de Galicia (é dicir, rural e das barriadas obreiras urbanas), influído por grupos locais como Os Resentidos, Os Diplomáticos ou Fuxan os Ventos, e tamén por outros alleos, como Negu Gorriak, Manu Chao ou The Pogues. Arrinca 'oficialmente' nunha xuntanza feita no 94 en Chantada, e troca o esencia-



lismo musical de raíz polos estilos xunguidos dos pobos oprimidos do mundo. Deste xeito, dende un rock feito en galego, grupos como Os Eskornabois, Yellow Pixoliñas, Xenreira e moitos outros reivindicaron a lexitimidade da música popular das charangas, orquestras e grupos como Los Tamara de Pucho Boedo. De feito, a medio

camiño entre o punk e a canción protesta de VC, Bravú normalizou dunha vez por todas o emprego do galego nun xénero universal como é o *rock & roll*. En certo xeito, supuxo un importante proceso de descolonización mental, e potenciou a autoestima da cultura galega. Pero tamén acabou perdendo fol, cando baixou a tensión ideolóxica (de esquerdas) inicial, nun clima político-administrativo e económico domiñado en Galicia polas dereitas.

Iso é que, despois da movida rock e dos grupos máis ou menos folk e de fusión galegos que arrincaron coa transición política, e volvendo de novo á liña étnica, chegaron músicos e grupos importantes, como Na Lúa, Berrogüetto, Luar



na Lubre, Carlos Núñez, Xosé Manuel Budiño, Pancho Álvarez, Susana Seivane, Rodrigo Romani, Mercedes Peón, Uxía, Xequete Mate, Cristina Pato e tantos outros, creadores do que poderíamos chamar *neofolk* galego. Moitos deles, ademais de recrear pezas tradicionais con concepcións sonoras e instrumentación máis ricas ca denantes da transición, fan incursións fóra da música étnica, como xa fixera a primeira fornada de fantásticos grupos folk, coas súas fusións. Tal é o caso do músico actual máis universal, Carlos

Núñez, que abrangue dende a música celta até o etnodance, pasando por pezas galico-flamencas ou de trova-galaica. Tamén é o caso do xa máis ca prometedor Xosé Manuel Budiño, coas súas interesantes colaboracións, algunhas celtas e outras lusas, como non podía ser doutro xeito, tratándose de terras e culturas en boa medida irmás. Algo semellante ocorre con Luar na Lubre, máis agora que entrou a vocalista lisboeta Sara Lourenço Vidal, para substituír a Rosa Cedrón e as súas colaboracións con Mike Oldfield. Polo que respecta á irmandade con Portugal, que xa arrinca da aproximación feita polos rapaces de VC a figuras como Zeca Afonso, Mario Branco ou Fausto, hoxendía tamén Uxía a tén ben presente, a través das súas colaboracións con Dulce Pontes e con outros artistas e aspectos da cultura lusa. En fin, neste percorrido apresurado e necesariamente incompleto e inxusto (quedan tantos músicos e grupos interesantes sen nin siquera ser nomeados...), penso que é obrigado sinalar a innovadora bomba sonora que é Mercedes Peón, sobre todo enriba dun escenario, coa súa aportación etnoelectrónica. Para min, sen dúbida unha das preferidas en vivo. Tamén é digno de mención o rexurdir das pandereteiras, que cantan a ritmo de pandeiras e outros instrumentos cada vez máis sofisticados. Véxase, senón, o excelente traballo *I é verdade i é mentira* de Leilía, ou *Faltriqueira* do grupo homónimo. En fin, non é doado nomear eiqui tódolos artistas que estes últi-

mos anos están aportando música autóctona digna de mención. En calquera caso, pódese falar dun máis que apreciábel derroche de creatividade. Ó que habería que engadir a produción feita alén dos mares, sobre todo en Arxentina e no Uruguai: Xeito Novo, Sete Netos, Lorena Lores, Cristina Fernández...

Por outra banda, para rematar, hai que dicir que tamén están arrincando con forza novas correntes, nas que outros xéneros fúndense co folk galaico. O jazz é un dos casos máis notábeis de fusión étnica. Trátase dunha variante ás veces chamada muiñeira/jazz,



con toda unha pléiade de grandes músicos detrás (Alberto Conde, Baldo Martínez, Pepe Evangelista, Abe Rábade co grupo *Nordestinas...*), que está marcando unha liña jazzística que rezuma secuencias harmónicas da música autóctona. Ademais, ultimamente están empezando a engadir tamén pezas cantadas en galego, maiormente extraídas da nosa literatura. E, desde logo, non se trata de meros herdeiros de experiencias puntuais anteriores, tipo a versión jazzística da *Alborada de Vigo* por parte dun xenio histórico como Miles Davis. É algo bastante máis sistemático e integrado no mundo étnico galaico. Unha cousa semellante está ocorrendo co rap (*Dios Ke Te Crew*) e co pop

(*Fanny + Alexander*), ou coa cocteleira inspirada nos ritmos que soaban nos salóns de baile e nos cafés cantante da primeira metade do século XX nas vilas galegas que nos propón *Marful*, e coa fusión moderna de música e danza, tradición e vangardias galegas, na que profundiza *Nova Galega de Danza*. Xa ninguén se resiste a aproveitar as potencialidades da nosa cultura.


Pódese dicir con xustiza que estamos, pois, perante a eclosión da música galega, tanto a nivel de emprego de bases melódicas como da lingua. Chegou o tempo de reivindicar sen complexos a riqueza da nosa cultura, de faguela medrar a partir da tradición e coa mirada posta no adiante, e no resto do mundo, para contribuír á cultura universal e beneficiarse dela. O futuro da cultura humana na era da globalización é aportar cadaquén dende a súa tradición e idiosincrasia, sen se confundir nin se anular mutuamente. Non pode ser que unha cultura desapareza en aras doutra. E aínda menos que case todas elas tendan a desaparecer en aras dunha soa dominante, como propician certas tendencias asoballadoras e imperialistas actuais. A mestizaxe, as fusiones (fundirse si, confundirse, non; e menos ser devorados os máis deles polos poucos que obsten o poder) son parte da riqueza actual. Así, pois, coido que hoxe a nosa música vai por bo camiño: ¡adiante, e fóra complexos!





Gaiterriños de Tioira,

MACEIA (Orense)



El afamado Cuarteto musical «Gaiterriños de Tioira»

por la calidad de sus artistas, ha alcanzado reputación en todas las villas de nuestra provincia. Sus actuaciones se celebran en las principales ciudades de nuestra provincia, así como en el resto de Galicia y León.

Tanto por su instrumentación, violas, violas y guitarras, en las que acceden un conjunto de tres guitarras, los violas más típicos, sus voces armonizadas, sus bailladas, en las que intervienen las bailarinas y la poderosa, característica siempre la voz solista en las fiestas gallegas.

La parte del Cuarteto musical también se instrumenta típica, pero armonizada adecuadamente la música religiosa. La obra «Os Anxos» escrita por los GAITERRIÑOS DE TIOIRA forma una armonía inabundante.

Los PRECIOS son ECONÓMICOS, en ESPECIALIDAD en las zonas rurales. Del acta de Gaiterriños del Cuarteto musical el siguiente texto:

Por un grupo de tres y más en el campo de la música - La Música de Tioira - Tioira de la música más

A IGREXA DESEXADA

Francisco Carballo

O cristianismo está presente nas Terras de Maceda desde a época romana (séculos I-V). Todo suxire que a Gallaecia recibiu enviados da fe cristiá nos ss. I-II. Máis comunidades cristiás non son constatables ata o s. III. Os xacementos arqueolóxicos con achádegos cristiás son de datación insegura, sen garantir anterioridade ao s. IV.

Aquela Gallaecia aberta ás comunicacións do Imperio Romano, facilitaba a chegada de evanxelizadores tanto polas

IV, as testemuñas de comunidades da Gallaecia na peripecia de Prisciliano e no Itinerarium de Exeria patentizan un desprezue cristián importante.

A influencia monacal é comprobable desde o s. VI; desde o X por influencia de San Rosendo, fundador do mosteiro



Bº relevo mosteiro monxas ASADUR

Medievo, tiñan relacións singulares coa Limia. Na Baixa Idade Media e na Moderna, a diocese ourensana estaba repartida en cinco arcediagados máis dúas mestrescolías, Chantría, Vicariato e Deanato. Este extendíase por 660 Km², entre o



Igrexa de ASADUR

Vicariato e o arcediagado da Limia, e engloba Maceda.

Na Idade contemporánea a diocese repártese en arceprestadegos. No 1851 en vinte, no 1989, en vinte e oito. Un deles foi sempre o de Maceda.

O catolicismo do arceprestadego de Maceda é parroquial, desde as 20 parroquias e 3 anexos de 1851 a hoxe. Desaparecidas as monxas de Asadur no s. XIV e os monxes de Xunqueira e Montederramo no XIX, só actúan habitualmente o clero parroquial e os Paúles dos Milagres desde 1869.



calzadas como por vía marítima e fluvial. Maceda, entre a Ribeira Sacra e a Limia, puido recibir ao cristianismo vía Braga-Astorga, ou vía fluvial por Ourense. Non houbo mártires na Gallaecia en ningunha das persecucións do Imperio Romano.

No último cuarto do s.

de Celanova. O mosteiro feminino de Asadur xa existía no s. X. Esta influencia monacal prosegue na Idade Moderna ata a Desamortización do século XIX. Nas terras do actual concello de Maceda posuían granxas e forais diversas institucións relixiosas especialmente os mosteiros de Montederramo e Xunqueira de Espadañedo.

A diocese de Auria aparece no "Parrochiale Suevum" con once circunscricións: Palla Auria, Verugio, Bibalos, Teporos, Geursos, Pincia, Vericanos, Senabria, Calapacios. Na identificación destes topónimos xentilicios non aparecen As Terras de Maceda que, no Alto



QUE CRISTIANISMO OFRECE MACEDA?

Francisco Carballo

Unha ollada simplificadora danos un territorio de arraigo relixioso do catolicismo medieval e da contrarreforma. Hai zonas máis cristianizadas na diócese v.g. as de Celanova, e abundan outras máis sincretistas de paganismo e cristianismo.

Os lugares de culto, románicos e barrocos, están medianamente coidados. A práctica cultural e catequética era omnipresente a principios do s. XX. A Segunda República deu espazo á crítica do catolicismo existente. Na Ditadura de Franco dominou o nacionalcatolicismo asfixiante cos bispos F. Blanco Nájera e A. Temiño. Nunca como nos anos 1940 a 1960 entraron no seminario e nos conventos tantos/as adolescentes do val. A destacar a parroquia de Tioira.

Desde 1970 é sensíbel a debilitación do catolicismo. En todos os aspectos: práctica cultural, devocións familiares e parroquiais, diminución do asociacionismo relixioso. A baixa demográfica, explica en parte este declive. A escasa aceptación do concilio Vaticano II choe a perspectiva dun "aggiornamento" eclesial, esa posta ao día dunha "Igrexa desexada".

Houbo intentos de ler o Vaticano II e de cambiar os pa-

rámetros eclesiásticos. Así nos anos 1975 o colexio dos Paúles nos Milagres levaba unha orientación "conciliar" de enculturación e de liberación social. Conxuráronse o bispo A. Temiño e sectores do clero regular e secular para destruír o proxecto. O colexio pecharía posteriormente.

Distintos itinerarios de evolución recibiron apoio de persoas desta gándara do "Alto Arnoia". Mais o peso clerical maioritario e o social mantivo a inercia nun pasado adormecido. Actualmente é desigual a situación relixiosa das parroquias do Concello e as dos concellos limítrofes.

Desde o miradoiro simplificador vemos distintos espazos no aspecto relixioso:

De avances enculturadores, con liturxia correcta na lingua galega e inicios de animación á participación eclesial: a constatar nunhas sete parroquias.


Lugares con algún decorado conciliar e mobilizacións dos fieles, mais sen transformación mental nin comunitaria.

O sector máis espazoso: catolicismo tradicional es-

clerotizado en lenta agonía.

A análise global dá un resultado melancólico. A orientación clerical está enmofecida; as parroquias vilegas teñen po-boación, as restantes, encrequenadas, modernizan os cemiterios, erman as vivendas e baleiran os templos.

Parece que chegou a hora dunha acción pastoral desde eixos comúns: "Neste territorio debilitado humana e cristianamente, nós suxerimos que a acción pastoral preste unha grande atención á vida e reforce a presenza cristiá na sociedade. Un tempo a buscar unha nova imaxe de proximidade da Igrexa, de atención e solida-



riedade cos homes e mulleres, anciáns e xoves, moitos empobrecidos” (Pascual Brèmaud c.m.).

Ante todo, crear comunidades cristiás locais vivas e “susci- tar e formar cristiáns capaces de responsabilizarse destas comunidades”.

Esta orientación pasto- ral, á luz dos evanxeos e do concilio Vaticano II, pode come- zar na liturxia semanal encultu- rada.

Desde a lingua propia, este galego que falamos, cabe nun diá- logo de reflexión. Mais sen cur- sos regrados de Biblia e de análise de realidade é imposíbel un cambio eclesial.

Todo debería cambiar na estrutura parroquial e cultural que vemos nesta bis- barra. O concilio Vati- cano II e o Concilio Pastoral de Galicia, 1974-78 indicaron o camiño a andar.

Así:

A invitación do concilio (consti- tución Dei Verbum) a ler a Bi- blia, polo menos os Evanxeos, esixe cursos de estudo bíblico e de coñecementos interpretati- vos. Onde hai grupos bíblicos nesta bisbarra? Sempre o cris- tianismo foi relixión do libro.

A Igrexa é comunidade de crentes con distintas fun- cións; é “sacramento”, é dicir, signo da presenza de Deus e do goberno de Xesucristo. A

participación dos lai- cos é sinal de comuni- dade. O que se olla nestas parroquias é a actuación do cura que manda e fai os ritos maiormente funera- rios. O que non se olla é unha comunidade de oración, de ledicia de vivir e de esperanza dos pobres e de com- pasión dos deprimidos.

Por fin, a declaración “Dignitatis Humanae” sobre a li- berdade relixiosa ensina a pri- macía da conciencia a formar e desde a que responsabilizar- nos. Cando dicimos liberdade de conciencia, dicimos liber-

dade na formación da propia persoa, da identidade indivi- dual. Unha acción relixiosa dia- logante que colabora na maduración das persoas e evanxelización a concluír na expe- riencia de Deus.

Hai colectivos carismáti- cos nesta zona: Fillas da Cari- dade na vila, Paúles nos Milagres, salesiáns en Xun- queira de Ambía, Adoración



Santuario de Os Milagros
PP. Paúles

Nocturna e outros. Eles, o clero e voluntarios son axentes a co- laborar cos equipos locais de responsabilidade eclesial: que conversen, que analicen as re- presións e carencias presentes para unha liberación e para unha comunicación de bens. Esa é a Igrexa desexada. Nova e posíbel, necesaria e urxente; con Cristo resucitado e desde o Espírito de consolación.



C. Virxe Milagrosa
Fillas da Caridade



O CONDADO DE XOCÍN

Ambrosio Borrajo

O condado de Xocín data do ano 1666, rexido entón polo Conde da Torre e Tenente Coronel das Milicias de Monterrei. Descansan os seus restos na Colexiata de Xunqueira de Ambía, onde téñ unha fermosa tumba de granito coa súa figura e as armas na parte superior da mesma.



Ó morrer deixou as súas rendas ós frades de Xunqueira, que segundo opinan algúns foron expulsados máis tarde polo goberno.

As rendas eran: centeo, trigo, libras de touciño, polos, castañas cocidas e unha galiña chamada "derechura" que se dirimía por tres reais.

Dende a morte do Conde houbo moitos maiorazgos quedando ultimamente D. Emilio Cid Veiga.

Como o Conde morreu sen descendencia, publicouse no Boletín Oficial daqueles tempos (unhas follas moi pequenas) por se había algún herdeiro, aparecendo moitos que o pretendían; pero por influencia da Raíña Isabel II poseíonouse do Condado unha camareira de dita Raíña, en recompensa polos seus servizos e ademais un peso diario.

Ó morrer dita camareira sucedeu o seu fillo Carlos Baha-

monde o cal tivo dous fillos cunha criada que estaba ó seu servizo. Chamábase Dolores e era de Amoeiro. D. Carlos por influencia da súa nai non quería casar con ela. Entón presentouse Dolores no despacho de D. Carlos acompañada polos fillos e ameazouno cunha pistola se non cumpría a palabra. D. Carlos colleuna por unha man e contestoulle que xa que ela o dixera cumpriría coa súa palabra.

Os dous fillos de D. Carlos chamábanse D. Xerónimo e D. Xaquín herdando o Condado o pri-



meiro, que casou con dona Asunción, distinguida dama das familias Valencia e Cobián de Ourense. Estes venderon case tódalas posesións a D. Emilio Cid Veiga, coa casa señorial, unha magnífica Torre e unha capela na que había unha imaxe do Perpetuo Socorro pintada ó óleo (única na provincia), Sta. Marta, San Fernando e San Pedro, e un magnífico arquivo que desapareceu nun incendio.

A Torre tiña dous pisos e pendendo dunha enorme argola había unha grande cadea que servía para facer xustiza, pois o que cometera algún delicto e lograba collese á cadea antes de prendelo quedaba absolto. A cadea, din que pesaba 30 arrobas e foi levada ó

cárcere de Allariz nun carro do país polo veciño Manuel Doval, pagándolle oito reais.

Moi cerca estaba o cárcere, hoxe é posesión de Francisco Garrido que llela comprou ós herdeiros.

Había varios escudos, dos cales algúns se perderon e outros consérvanse. No primeiro andar da Torre había un fermoso escudo do tamaño dunha muller, representando un busto dunha dama co pelo recollido en artísticas trenzas e sostido por dous anxos. Este foi destruído.

Consérvanse tres: un representa un enorme piñeiro cunha cabra a cada lado comendo as edras que penden del. Outro representa as insignias de honra e cruces laureadas do Conde. O outro



representa a forca, o coitelo e as cadeas do castelo.

Unha anécdota conta que un día de moita calor, a señora Condessa quixo ir a se bañar ó Arnoia, que pasa a uns 800 metros do pobo. Púxose en camiño do río cun dos seus colonos; pero como era moi débil, na metade do camiño cansou e tivo o acompañante que collela nos ombreiros. Foi a admiración do pobo pois nese momento estaba en plena sega.

DO 8 ao 12
2008
AGOSTO

Festas das NEVES

 maceda
CONCELLO

ECO FM
105.1
www.ecofm.es



Programa Festas das Neves '08

NOVEN 7 DE AGOSTO

23:00 h. Teatro - Grupo "A Fervenza", Maceda - Pra. das Toldas

VENDES 8 DE AGOSTO

22:00 h. Gra - Praza das Toldas

23:00 h. Concerto, Festivultores - Praza das Toldas

SÁBADO 9 DE AGOSTO

10:00 h. Banda Vilatuxe - Pasacalles

13:00 h. Concerto, Banda Vilatuxe - Praza das Toldas

19:00 h. Concerto, Banda Vilatuxe - Praza das Toldas

21:00 h. Orquestra Ledicia - Praza das Toldas

22:00 h. Orquestra Grupo Compás - Cruce Gasolinreira

ACTIVIDADES PARA TODOS TODOS O DIA COMENZARÁNSE NO TABOÁN DA PRAZA

DOMINGO 10 DE AGOSTO

10:00 h. Banda de Chapela - Pasacalles

12:00 h. Coral Albricias - Na Igrexa

13:00 h. Concerto, Banda de Chapela - Praza das Toldas

19:00 h. Concerto, Banda de Chapela - Praza das Toldas

21:00 h. Orquestra Armonía - Praza das Toldas

22:00 h. Orquestra Grupo Tornado - Cruce Gasolinreira

ACTIVIDADES PARA TODOS TODOS O DIA COMENZARÁNSE NO TABOÁN DA PRAZA

LUNS 11 DE AGOSTO

10:00 h. Banda de Meaño - Pasacalles

13:00 h. Concerto, Banda de Meaño - Praza das Toldas

19:00 h. Concerto, Banda de Meaño - Praza das Toldas

21:00 h. Orquestra Marimba - Praza das Toldas

0:00 h. Concerto, Quemallou (folk progresivo) - Concello

ACTIVIDADES PARA TODOS TODOS O DIA COMENZARÁNSE NO TABOÁN DA PRAZA

MARTES 12 DE AGOSTO

10:00 h. Banda Xuvenil Barbadás - Pasacalles

13:00 h. Banda Xuvenil Barbadás - Praza das Toldas

19:00 h. Banda Xuvenil Barbadás - Praza das Toldas

21:00 h. Orquestra Amistade - Praza das Toldas

0:00 h. Concerto, Grupo Macedán e Baixo Cero - Cruce Gasolinreira

ACTIVIDADES PARA TODOS TODOS O DIA COMENZARÁNSE NO TABOÁN DA PRAZA

MIÉRCOLES 13 DE AGOSTO

23:00 h. Xornadas de Folclore - Praza das Toldas

DOMINGO 17 DE AGOSTO

Festa Medieval



NOSA LINGUA PRIMOXÉNITA!

Antonio O. Ferreiro

Que ficou do imperio español en América, do imperio inglés en Oceanía e do imperio francés en África? As respostas teñen un denominador común: as súas linguas imperiais. O mesmo podía dicir das excolonias de Portugal en América (Brasil), en Asia (Macao) e en África (Angola, Mozambique). Estas catro linguas (castelán, inglés, francés e portugués) persisten vivas e viventes, incluso fóra dos seus países berces, porque nos seus falantes hai unha empatía lingüística de identificación social cos seus respectivos idiomas e porque teñen uns países reais de referencia lingüística, económica e política. Porén xa ninguén fala latín, antano outra lingua imperial, agás para pregarias relixiosas nas igrexas e cenobios; e tampouco ninguén se comunica en ibero, en mozárabe, en gótico nin en guanche, linguas que si se falaban, con absoluta normalidade, noutras épocas da historia dos reinos, nazóns e pobos que conquistaron e colonizaron os territorios xeográficos que hoxe conforman España, e hoxe desaparecidos.

Unha lingua está viva non só porque se empregue para escribir e cantar, está viva sobre todo porque se fala. Pode

un galego de nacemento amar desprezo, esquecemento, indiferencia, abulia, prexuízo, teimosía e ignorancia cara a lingua galega? Por falar galego en Galiza ninguén é nacionalista, como falar castelán non supón ser antinacionalista, porén ¿un galego pode dicir que ama a nosa patria se non lle dá a gana de falar nin escribir nunca en galego?. Hoxe, un galego que en Galiza só queira falar e escribir en castelán poderíase comparar a unha persoa que sabendo ler, sumar e restar, non quixese aprender a escribir, multiplicar e dividir, ou sexa, sería algo así como un analfabeto compulsivo. E se ademais lle quixera negar esa posibilidade aos seus conxéneros, estaríamos nun caso



de apoloxía do obstruccionismo cultural e da censura intelectual, inadmisibile nunha sociedade de-

mocrática, tolerante e plurinacional.

Falar, escribir, estudar, soñar, xogar, amar e cantar na lingua primoxénita de Galiza, como un bo e xeneroso fillo que respecta a herdanza recibida dos nosos devanceiros, é pagar parte da débeda histórica cultural que Galiza tén cos seus campesiños e mariñeiros que conservaron a nosa lingua na terra e no mar, a falta dunha clase social burguesa que a defendese e reivindicase de seu. A lingua galega non foi unha imposición esóxena, foi unha obra de arte creada polo pobo galego de antano, e os galegos de hoxe non somos quen para abafala. Antes, se fai falla, haberá que berrar nesta fermosa lingua para que nos escoiten os intolerantes. Mais cando falo de amar Galiza e a súa lingua, ese amor non debe ser imposto á forza, contra a liberdade das propias persoas adultas deste país; hai que reconquistala con paixón, coma se dun amor se tratara, non por obriga e imperativo legal. Hai que fomentar o seu uso nos primeiros anos de vida dos cativos, sobre todo na escola e no fogar, e os seus mestres non deben opórse nin rexeitar a lingua primoxénita de Galiza, deben axudar, por profesionalidade, non por ideoloxía, a



normalizar unha situación estigmatizada pola inferioridade do galego respecto ao castelán, froito de anos de inxustizas e aldraxes. A escola é un pulo importante na recuperación dunha lingua, porén non a única solución dun problema de moitas variables: medios de comunicación, administración, literatura, familia...

Hai cidadáns de Galiza que só queren falar e escribir en castelán, mais eles non se deberían abraiar de que outros o fagamos tamén en galego, e que cada vez sexamos máis os que o falen e escriban; só así Galiza seguirá tendo futuro como país e non pasará á historia como un pobo cunha lingua autóctona morta. Ese día, por desgraza, pode chegar, ninguén pode asegurar o contrario, non entanto aínda somos milleiros os galegos que loitamos de forma activa para que ese día non chegue, e loitamos coa súa práctica, e o seu estudo e difusión.

A lingua galega necesita apoios, orzamentos, ideas, investimentos, publicidade, profesionais e galegofalantes que a difundan, medios de comunicación e, por que non, tamén "glamour". A súa supervivencia será posible se todos vogamos na mesma dirección. Os desconformes coas políticas oficiais en apoio da lingua galega, atrincheirados no seu inmovilismo, non perderán a ocasión de acusaren aos defensores da lingua galega de inquisidores e, incluso, de

separatistas. En boas horas reclaman o bilingüismo na escola!, onde estaban para reivindicar o mesmo en tempos da ditadura?.

Só os demagogos e inimigos da lingua galega rexeitan políticas de apoio para acadar o mesmo nivel co castelán nas etapas do ensino que se imparten nas escolas e institutos de Galiza. Insisto, débense facer sen imposicións nin radicalismos, porque isto produciría o efecto contrario nos seus detractores, que os hai, e o idioma galego non precisa de amores que maten, nin fundamentalismos, nin camés políticos que o defendan en exclusividade, máis ben urxen seareiros que a difundan, a empreguen e a propaguen por convencemento propio, por amor, por herdanza e por respecto ao pasado secular, porén sobre todo, sem-



pre con intelixencia, porque polo xeral, as imposicións ou as prohibicións non son políticas intelixentes nin axeitadas. E quero, unha vez máis, apelar á verdadeira profesionalidade dos que exercen a súa profesión no ensino, os cales non poden, despois de máis de 20 anos dende que se publicou a Lei de Norma-

lización Lingüística, aducir descoñecemento na escrita da nosa lingua para non querer dar as clases nesta fermosa lingua. Que se reciclen, xa!, tal como fixemos outros compañeiros noutras Comunidades Autónomas do estado español que teñen igualmente outra lingua vernácula cooficial diferente ao castelán.

Ninguén entendería que un médico se negase a facer unha transfusión de sangue a un enfermo aducindo razóns relixiosas, ideolóxicas ou ignorancia. Asemade, todo ben nado comparte as campañas de protección a favor do lince ibérico, e non vai ao parque de Doñana a lle pór veneno aos poucos que fican vivos acolá, porque iso sería, ademais dun delito, unha actitude contra natura. Da mesma maneira, sendo conscientes de que a lingua galega está en perigo de extinción a medio prazo, como toda lingua periférica que convive ás duras dentro dun estado con outro idioma oficial maioritario, oporse á normalización lingüística da lingua galega en Galiza é ir contra natura, contra a historia e contra a riqueza cultural das propias persoas e do propio país, tanto de Galiza como de España.

GALEGO?
SI,
GRAZAS!

LER. PARA QUE?

M. C. Aldemira

Para informarnos do que sucede cada día no mundo que nos rodea.

Lendo moito aprendemos a interpretar toda esta información e a ter un sentido crítico ante ela, aproveitando o importante, que nos vai axudar a medrar como persoas responsables, e discriminar o que empobreza as nosas mentes.

Coa lectura, *desenvolvemento da memoria, a expresión oral, plástica e escrita, a observación, a imaxinación, o dominio dun mesmo, tamén aumentamos o noso vocabulario*, de maneira que podemos expresar mellor as nosas ideas e que os demais nos entendan. Cada suceso expresámolo con unhas ou outras palabras. Estas palabras apréndense lendo.

Os xestos, as imaxes e as palabras utilizámolas para comunicarnos, pero neste tempo onde prima a tv, videoxogos, vídeos, etc. se non utilizamos as palabras, as imaxes e xestos quedarían incompletas e a comunicación fragmentada e casi inintelixible.

Aínda que a lectura é unha actividade individual, voluntaria e libre, antes hai que ensinar á persoa nesa lectura, para que chegue a ter o gusto e disfrute da mesma. Para elo, na escola, instituto, pódese iniciar e incitar ó neno ou adolescente, partindo da diversidade de textos: poesía, narracións, diálogos,

etc. (libres e/ou obrigatorios) realizando actividades de animación á lectura. Pero é no ámbito familiar onde se consegue o verdadeiro hábito lector.

Na grande biblioteca que temos nos nosos ordenadores (INTERNET) atopamos información sen límite, pero temos que conseguir (escola e familia) por medio da lectura, que os rapaces e rapazas sexan capaces de distinguir entre as informacións valiosas e as innecesarias.

Non serve iso de “COLLE UN LIBRO E PONTE A LER” e mañá repetimos o mesmo. Así o único que conseguiremos será



un rexeitamento do neno a todo tipo de texto escrito.

É a escola a encargada de ensinar a ler, e os pais e nais, os primeiros educadores, os que teñen que continuar con esta tarefa.

O pai e a nai poden iniciar na lectura ós seus fillos/as con distintas estratexias moi sinxelas para levar á práctica na casa, tomándoa como un xogo dirixido onde o lector participe activamente e non se quede só unindo letras e formando oracións.



O neno/a que aínda non sabe ler e os que están nos primeiros anos de Primaria gústalles que lles conten historias ou que lles lean, aquí temos a primeira actividade de animación á lectura que non se pode quedar só na escola.

Algunhas estratexias que nos servirán para facer que o neno/a disfrute da lectura, poden ser: engadir personaxes a un conto, fixarse na súa roupa, mesturar contos, escenificar, disfrazarse, imitar ós animais que poidan aparecer na lectura, facer biografías dos personaxes, cambiarlles o nome, o título, introducir personaxes fantásticos, buscar obxectos do conto na propia casa, situar o conto en distintas paisaxes, cambiar a estación do ano na que se desenvola o conto, inventar outros finais, debuxar a natureza que amosa a lectura, falar sobre as actitudes do protagonista, etc.

Como vedes non é tan complicado, o único que se necesita e adicarlle vinte minutos ao día, e seguro que os vosos fillos e fillas vos sorprenden cos seus razoamentos e preguntas.



PACO NÓVOA E OS 40 ANOS DA “POSTAL”

A Redacción

Na primavera de 1968 Paco Nóvoa, que levaba dous anos traballando como interino en Correos, conseguiu praza fixa en Ourense. Algúns dos compañeiros que preparaban as oposicións con el quedaron fóra. Eles propuxéronlle que lles axudase a aprobalas. Velaí a xénese do que hoxe conforma o emporio do Grupo Academia Postal.

Daquela polas mañás Paco Nóvoa traballaba como funcionario de Correos. Polas tardes nun pequeno local do centro da capital ourensá preparaba opositores. Coa demanda contratou máis persoas para exercer a función docente privada. Foi ampliando e diversificando ofertas, mesmo como pioneiro no eido informático en Ourense. Hogano esta solvete empresa de formación multidisciplinar en expansión, conta no cadro de persoal con 163 profesionais docentes, xunto con outros 150 colaboradores relacionados co seu selo editorial [8] e o persoal de administración e servizos.

O Grupo Academia Postal creado por Paco Nóvoa conta, ademais do fermoso e remodelado edificio da rúa Reza [no que naceu e viviu X. L. Méndez Ferrín, o máis sobranceiro representante vivo das Nosas Letras] e do da rúa do Progreso en Ourense capital, con prestixiosos centros en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Valladolid [Comunidade de Castela e León] e Porto [Portugal].

A empresa creada por Paco Nóvoa conta cun recoñecido selo editorial [Servipost] que puxo no mercado 150 publicacións [28 li-

bros editados neste 2008]. O Grupo Academia Postal conseguiu que 15.000 dos seus alumnos acadasen un posto de traballo na Administración Pública. Áchase inserido no Servizo Galego de Colocación e funciona como centro de formación ocupacional para desempregados. Conta con formación “on line” e colabora coa Universidade Popular Galega, onde o alumno pode recibir docencia particular no domicilio. Ademais da informática, oferta apoio ao estudo, novas tecnoloxías, idiomas, forma-



ción ocupacional, formación continua a empresas e administracións e ciclos formativos profesionais.

No xornal *La Voz de Galicia*, do 25 de xaneiro de 2006, na páxina 9 da súa edición de Ourense, escribía o investigador Santiago Prol unha columna titulada “Paco Nóvoa, altruísmo e profesionalidade”.

Dela recollemos algunhas pasaxes: “Paco, que naceu no seo dunha familia modesta en Francos (Maceda) en 1944, é unha persoa feita así mesma. Ninguén lle regalou nada. Comezou moi novo como empregado nun comercio da nosa vila. Sacrificou moito tempo dedicado á súa formación para chegar onde está hoxe (...). Dende o meu exilio compostelán

sabía que contribuía de xeito altruísta en infinidade de causas, tanto na capital como en Maceda.

A súa xenerosidade foi capital para artellar as Primeiras Noites Folk do Castelo. Tamén actuou como mecenas no mundo do deporte. Antano co fútbol sala e hogano co atletismo. Mesmo patrocina ao Club Ciclista Maceda. Institucionalmente o noso Concello tivo un xesto con el cando o nomearon pregoeiro da Festa Medieval en 2003.

Vai sendo hora de recoñecerlle os servizos prestados con outros xestos. En 1993 chegou a xefe provincial de Correos. Estivo doce anos ao fronte da entidade cunha brillante xestión. O 29 de setembro de 2005 –co edificio central integramente renovado– foille concedida a excedencia. Paco Nóvoa amósase como unha persoa con gran proxección social. Conta cunha entrada no Dicionario Galego Universal. Participa en tertulias de radio e televisión. Tén apelido de avoengo. Mesmo é unha persoa hiperactiva que sempre fai gala de altruísmo, profesionalidade e mecenado”.

Dende o Consello de Redacción da revista *Aira das Mantas*, neste número 0, queremos facer chegar os nosos parabéns -no 40 aniversario da creación da súa empresa- a este egrexio veciño de Francos que sempre exerce de macedán.



NO VAL DE MACEDA

(Parroquia a parroquia)

ASADUR

Ramón Sarmiento



MACEDA e o seu val

Asentado no corazón da provincia de Ourense, o val de Maceda atesoura unha riqueza natural inmensa e un legado histórico incomparable que só o porvir se encargará de esclarecer. Na bisbarra de Asadur, parece ter existido un núcleo poboacional prerromano (un “populi”) cunha identidade e posible localización sobre as que aínda queda moito por acla-

rar, segundo Manuel Alberro (1999: 64 65): “Os pobos celtas do noroeste da Península Ibérica”, *Anuario Brigantino* 1999, nº 22 e que, con todo, para Patrick Lle Roux, (1996): “As cidades da Gallaecia romana durante o alto Imperio”, en *Gerión*, nº 14:363-379, a “civitas Interamicorum” e o seu “oppidum” de nome descoñecido e situado en Asadur sería un dos vinte e

catro “populi” que Plinio o Vello enumera para a provincia Bracara Augusta. A inscrición colocada no bloque cúbico da arado altar da igrexa e dedicada ao recadador de impostos Q. Licinius fixa a bisbarra de Asadur como pertencente á república dos interámnicos: “Q. Licinio Veget. / res p. Int. / super alia con/plura merita / pares cum fisco/ rationes infati/gabili cura



et / industria eius / consecuta (trad.: A república dos Interam-nenses fai esta dedicatoria a Quinto Licinio, pero sobre todo a causa da súa infatigable preocupación e traballo por obter do Fisco xustiza nos tributos para aquela).

As primeiras noticias históricas sobre Asadur pérdense, pois, no período castrexo final ou galaico-romano (entre finais do século I a. C. e finais do século I d. C., cando a *Gallaecia* entra nos sistemas romanos de organización territorial, social e económica, con diseminación de novos asentamentos (ciudades, mansións viarias, villae, vici...), recuperación e refortificación dalgúns castros ou castella e, en suma, formación dunha cultura galaico-romana tanto no material e socioeconómico como no ideolóxico. Da importancia desta república interármica fala a Via Nova, que se non pasou por alí, discorreu por moi preto, como vén probar o miliario recentemente descuberto que servía de soporte aos balcóns da vella escola.

A reutilización de aras pagás como pé do altar foi un costume eclesiástico de raigame visigoda. E en Asadur (do latín vulgar Ad Satur), tamén hai vestixios visigóticos (Eligio Rivas 1991: “un baixorrelevo en Asadur coa escea do Calvario”, en *Porta da Aira*, 4:9-26), o que induce a pensar que o desaparecido mosteiro de monxas touquinegras tivo unha orixe visigótica, vinculado indubidablemente coa familia de San Rosendo onde a infanta Jimena, filla de Ordoño II e dona Elvira Menéndez, tomara hábito

de monxa cara ao ano 935 (AHN, *Tombo de Celanova*,



fols.174v-175). Deste mosteiro situado nas abas dos montes do Rodicio, coñecidas na Idade Media como ‘costa de Sadur’, existe constancia documental desde o século X ata mediados do século XIV (Víd. Emilio Duro Pena 1973: “O mosteiro de Santa Mariña de Asadur”, en *Arquivos Leoneses*, nº 54:309-365). Asadur gozou durante a Idade Media dunha relevancia menor aínda que paralela á dos mosteiros de Montedramo e de Xunqueira de Espadañedo e formou parte do que hoxe coñecemos como “reboyra sacra”.

Cara á metade do século XIV, o mosteiro foi decaendo ata desaparecer e devir a principios do século XV en parroquia, unha das máis cobizadas da provincia pola súa riqueza. De 1523 data un documento no que se recolle a información de que o reitor de Asadur era don Lopo Sánchez de Ulloa, Arcediano de Varoncelle, “con xurisdición civil e criminal dos veciños e vasalos do devandito coto de Asadur”. En efecto, da relevancia deste núcleo poboacional aínda serve de ilustración o sarcófago da capela da Virxe Dolorosa, situada á beira da epístola, onde está soterrado don Pedro Vázquez de Castro, Comisario do Santo Oficio e señor dos cotos

de Outeiro do Cabo, Cas García e da Granxa da Chaira de Vascós. Na parede, debaixo do escudo, unha inscrición medio cortada pola fiestra aberta posteriormente reza así: “Esta capela (fundou e) dotou o Ldo. Pº Vázquez de Cas(tro comi)sario do sto. oficio e abade de Asad(ur an)o de 1656”. E no frontal do sepulcro ben conservado hoxe reza o seguinte: “Aquí está o corpo do comisario (don Pedro) Vázquez fundador desta capela. Ano de 1656”.

Hoxe daquela igrexa primitiva do mosteiro non quedan máis que as pedras reutilizadas, porque en 1524 cumpríuse coa orde recibida de demoler a capela maior da igrexa vella e de tapiar as dúas portas que daban acceso a ela (“*que deshagan la capilla mayor de la yglesia vieja y cierran de piedra las dos puertas que están en el cuerpo de dicha yglesia vieja de manera que no quede syno la puerta que está dentro de dicha yglesia mayor*”). Hai uns cantos anos, ao ampliar o cemiterio actual, tropezouse coas pedras dos cimentos da igrexa vella.

Ata aquí espuxen algúns datos históricos para espertar o interese e curiosidade. Aínda queda moito por descubrir e analizar. Todo iso, sen dúbida, servirá para reconstruír algún día non moi afastado a historia do val de Maceda.



EL SUSPIRO DE UN ÁNGEL *(Cuento de 1848)*

(Conservouse, na transcripción, a ortografía orixinal do documento)

Jacinto de Salas y Quiroga

Conjunto singular de feudalismo y democracia, existen, entre la honrada gente que puebla el reino antiguo de Galicia, costumbres todavía impregnadas de ese espíritu de patriarcal unión que constituye la dulzura de la familia, al mismo tiempo que reinan allí ideas consoladoras de independencia y propiedad que forman el bienestar de la clase humilde y libre que en otras partes es arrogante y esclava. Los góticos castillos, signo de pasada grandeza, permanecen todavía en pie, y, lo que es más, habitan los caballeros de ilustre alcurnia, ramas del frondoso árbol cuya cima se pierde en la oscuridad de los remotos tiempos, sin que el vandalismo del siglo haya dejado de respetar ni una hora aquellos macizos torreones, aquellas ferradas porternas y los pesados puentes levadizos, ladran los lebreles en los patios, crecen en las grietas de los murallones vistosas y malélicas enredaderas, cuelgan retratos de adustos semblantes en las desiertas cámaras y en los más escondidos y majestuosos, vive el heredero de un apellido sin mancha, entregado al estudio de la heráldica, gozándose en su aislamiento y llorando los tiempos que ya no volverán, cuando los membrudos brazos

de un caballero gallego bastaron para alzar del suelo y separar y arrojar lejos al rey D. Pedro y a su bastardo hermano.

El castillo de Maceda, situado en la cresta de una ondulación de las infinitas que amenizan el fragoso terreno de la provincia de Orense, es uno de esos monumentos vetustos que deben servir de estudio al artista y al filósofo, leyendo aquel el secreto de una muerta civilización en aquellas páginas de piedra, y este midiendo el influjo que tienen las costumbres en acción individual e íntima, al contemplar el respeto que profesan sus moradores a la tradición santa de que transmiten pura a los venideros la imagen.

Cuando yo era niño, y Dios sabe si aquellos días me parecen ya distantes, vivía allí D. Jacobo de Andrade, varón tan nombrado en la comarca por su benéfico corazón como por su infantil ignorancia. Contaba a la sazón sesenta años de una vida de candor que casi fuera inútil para el mundo si no le hubiese el cielo dado una hermosa hija, Blanca de nombre y purísima de corazón en la edad de diez y seis años a que había llegado ya. El hidalgo había nacido en el castillo y de él no habría salido ciertamente para calentarse a hogar ajeno, sí, desde las al-

menas de su mansión, no hubiera cierto día escuchado el estampido del cañón, y visto el galopar de los corceles y el tremolar de banderas extranjeras a que sus ojos no estaban acostumbrados. Preguntando entonces la causa de tales novedades supo que un guerrero famoso de allende el Pirineo, no escarmentado con la lección de Roncesvalles, había invadido el territorio español con propósito de destronar al sucesor de una serie interminable de monarcas, y, como recordase los altos hechos de sus mayores, empuñó el acero, y al frente de su regimiento provincial, corrió al contrario, sobre quien caía cual león, cada vez que alcanzarlo podía.

Concluida la guerra voló a su castillo, donde halló de menos a su compañera amada y de más a una hermosa niña, fruto del más puro, del más tierno del más acendrado amor conyugal. El único trofeo con que volvió a su casa fue una ancha herida mal cicatrizada que le imponía deberes de quietud que no desdecían de su carácter sosegado. En la educación de su dulcísima Blanca y en la disminución de sus males empleó diez y seis años de su vida, hasta que, viendo cual habían conseguido sus afanes infundir pensamien-



tos nobles en aquel corazón formado por mano de ángeles y recreándose en la contemplación de aquel rostro suave y sonrosado, pendiente y abundante cabello de ébano, de aquellos ojos azules, había casi olvidado sus libros de caballería, o no leía en ellos mas que la parte en que se pinta el culto prodigado por los paladines á las señoras de su pensamiento. Era curioso y santo ver cómo, á la tarde, cuando el sol se ocultaba tras del monte vecino, por entre colgaduras de oro y gualda, sentado bajo la copa de una añosa encina, el anciano narraba y la joven escuchaba alguna portentosa historia de las muchas que, al través del prisma engañoso de sus libros fabulosos, había visto aquel en los campos de la gloria. Después, satisfechos uno de otro, bajaban ambos al valle, visitaban á los labradores menesterosos, y, dejando en la choza de cada cual la santa limosna y los consuelos que inspira la caridad cristiana, regresaban dulce y sosegadamente al castillo. Allí, sobre el mantel mas blanco que el ampo mismo de la nieve, hallaban servida ya, en sazonado condimento, la cacería de aves y pájaros que los mancebos de la comarca ó los criados de D. Jacobo ofrecían con respeto a su señor. Tras de un sentido ay! que Blanca lanzaba, al ver el triste fin de aquellas inocentes aladas víctimas y de una chanza cariñosa de Andrade, llevaban ambos su cansado cuerpo al muelle lecho, cuyo finísimo lino habían hilado y tejido los delicados dedos de la hacendosa muchacha.

Así, pues, deslizábanse los días

tan pausada y sosegadamente que apenas si el conjunto de todos parecía otra cosa mas que uno solo, y Blanca, á la edad de diez y seis años, hubiera ignorado que iba entrando en la juventud, si la pasmosa facilidad que tenía para aprender cuanto sus maestros le enseñaban, no le hubiese descubierto que la infancia iba huyendo y la reflexión despertándose en su espíritu elevado. Ya empezaba a desear penetrar en el arcano de los sucesos, y, con inconexas preguntas, abrumaba la razón clara pero limitada de su padre. Por fortuna, desde niña, mostró una adicción desmedida á la pintura y la suma facilidad con que manejaba los pinceles la alentaba á emplear no pocas horas del día en tan grato y ameno entretenimiento. Mas, como su imaginación no tenia espacio bastante por volar fuera de sí, llevaba su audacia al corazón y allí posaba las alas de su entusiasmo. Nació de esto cierta vaguedad que la alejaba del poco trato que hasta entonces había gozado, y errante por los jardines y huertas que pertenecían al paterno mayorazgo, solía pasar horas indefinidas e incontadas en contar los pétalos de una flor ó en desgajar ramas de la simbólica hiedra, para tejer guirnaldas, poéticas en su desnuda sencillez.

Cierto día de un caluroso estío el sol apenas iluminaba aún con sus tibios rayos la cresta de los montes, cuando Blanca, por disfrutar del ambiente matutino salió á recorrer el jardín, mezclando el concierto de su voz suave al de los pájaros cantores que, perdidos entre las ramas

de los árboles, formaban un concierto deleitoso. Así recorrió una y otra alameda y llegó á las bardas que separaban la huerta de un soto nombrado por su frondosidad y extensión. A bastante lejana distancia escucháronse entonces pasos de caballos que, trotando velozmente, se acercaban mas y mas al castillo. Blanca, cuyo espíritu no cansado con el bullicio de la sociedad estaba siempre atento, percibió el ruido y se detuvo silenciosa. Poco a poco notóse ya mas cercano y tanto el trotar, que los corceles hubieron de acortar el paso, cada vez mas y mas, hasta tanto que, por último, se pararon del todo. Oyóse rumor de voces, relinchos de caballos, y, al breve rato, choque de platos y el borbotar de algún liquido.

La retraída gallega era curiosa por ser muger y por vivir encerrada entre aquellas murallas, doble causa que escitó su deseo de saber quienes fuesen los cabalgadores que, á hora tan temprana, así cruzaban el soto y se detenían a tomar un refrigerio, cual rara vez lo abría la luz del alba iluminado. Acercándose á las tapias con sus delicadas, si bien fuertes, manos, el tronco maltratado de un roble carcomido, pudo subir y ponerse al nivel de la cerca, y allí, sin asomarse mas que lo estrictamente preciso. Logró satisfacer del todo su curiosidad. Mas ¿que vieron sus ojos? Un jóven como de quince años, sin barba aún con ojos penetrantes negros y cabello luciente, en cuyos labios se pintaba la energía, y cuya femenina mano empuñaba un vaso

de vino tostado, estaba sentado sobre el musgo, en tanto que tres, al parecer criados, de formas toscas, suavizadas por el respeto y el trato, permanecían en pie, sirviéndole con atenta fineza y sumisión y procurando leer en su rostro sus más ocultos deseos. El joven desconocido vestía una levita azul abrochada hasta arriba y cubría su hermosa cabeza con una gorra igual á las que usan los jóvenes que empiezan á servir en la marina militar. Una resolución llena de dulzura resplandecía en su frente serena y no parecía sino que acababa de apresar con su bote un jabeque berberisco, y que estaba reclamando ante su jefe un sable de honor. Al mismo tiempo, no había en su rostro nada de esa insustancia- lidad que caracteriza al niño, sino la firmeza de un corazón, al mismo tiempo que tierno, vigoroso y esforzado. Comió con tranquilidad y apetito, no cual era de esperar de aquella hora, sino como quien ha hecho una larga jornada y necesita restaurar las fuerzas abatidas. Después de lo cual, con el mismo aire marcial se apartó algo, dando un paseo por entre los robles, interin sus criados comían descansadamente los abundantes restos de su festin. En seguida, montó á caballo de un solo brinco y se lanzó á galope, dando no poco trabajo á sus servidores que debían alcanzarlo.

A todo estuvo atenta Blanca sin ser vista, y cuando la mímica escena terminó, quedóse embebida en la contemplación de aquellos lugares, como si allí acabase de suceder uno de

esos graves acontecimientos que tienen un influjo directo en la felicidad de algun ser. Mas tiempo permaneció allí del que razonablemente era de presumir, y, al retirarse á su cuarto, sus ojos húmedos y decaídos buscaban la tierra, sus dedos palpaban las flores sin sentir las y su incierto andar anunciaba interno desasosiego. Aquel día, prestando una ligera indisposición que pedía descanso, permaneció retirada y sola, mas no inactiva, antes bien, empezando á pintar un nuevo lienzo, no soltó los pinceles de la mano hasta que la venció el cansancio, ó tal vez para tranquilizar á su buen padre que recelaba siempre alguna enfermedad, único mal que tenía por posible. Así se pasaron varios días, durante los cuales la tierna Blanca, sostenida por una interna agitación, trabajaba más de lo que solía, aun cuando se negaba tenazmente á enseñar su cuadro, dando por disculpa que era un producto de su fantasía y que debía adolecer de grandes defectos artísticos.

Mas, pasados aquellos momentos de excitación, una tristeza cada vez más profunda se apoderó del ánimo de la joven, y los bellos colores que teñían su rostro casi infantil fueron poco á poco desapareciendo, empezando las dolencias de cabeza, la falta de apetencia y demás molestias que suelen ser indicio de una enfermedad moral y que turbaban aquella dulce tranquilidad en que hasta entonces había vivido. Nadie podía adivinar la causa de aquel cambio, y D. Jacobo de Andrade se afanaba por hallar un medio de es-

tirpar aquellos síntomas que alarmaban su corazón de padre, para lo cual consultó á todos los médicos de las cercanías y á cuantas curanderas se afanaron en acudir al castillo con sus remedios caseros. Blanca, empero, ni se quejaba, no conocía siquiera su mal, teniendo por cosa muy sencilla aquella debilidad y casi estenuación que la aquejaba. El aire libre del campo, á que desde su primer infancia estaba acostumbrada, no parecía sino que aumentaba su malestar, y, solo cuando pasaba horas enteras retirada en su cuarto, recobraban sus mejillas el color y volvían á sus labios los signos radiantes de la vida juvenil. Pero nunca salía de aquel retiro de que con tanta delicia disfrutaba, sin que se hinchasen sus párpados y se notaran en su rostro las huellas profundas de las lágrimas. Semejante contraste entre las mejillas y los ojos formaba inexplicable fenómeno, que á todos agitaba, menos á la inocente criatura que se admiraba del asombro que iba escitando en cuantos la veían.

Así pasaron varios meses sin que menguasen los síntomas del mal; las interminables noches de invierno llegaron y el inquieto D. Jacobo revolvía en su pensamiento las ideas de su escasez de ciencia á fin de aliviar á la hija amada que tan sin aparente causa se iba desmejorando y entristeciendo. Ya apurados todos los recursos que le inspiró el consejo, pensó que le convendría quizá, ya que la primavera hacía de nuevo retoñar las flores y que la naturaleza, tras tantos meses de luto, se cubría



con su verde y fresco manto, llevar á Blanca á las romerías que en torno de las ermitas vecinas se celebraban, donde los sonidos alegres de la gaita provincial, el olor de las espadañas tendidas y el rumor del festivo baile esparcirían el ánimo de la jóven, dando á su corazón sosiego y solaz á su espíritu. Prodigios, en efecto, se cuentan de los milagros que estas funciones campestres y populares han producido siempre en la salud de las jóvenes melancólicas y aquejadas de un mal oculto en el corazón; mas, aquella vez, la vulgar creencia se vió burlada, y siguieron los síntomas de dolencia que tan pálida y macilenta tenían á la jóven que un año antes era dechado de robustez y hermosura. Sin placer acudía al sitio del regocijo y sin tenacidad se resistía á ir á él, siéndole igual el punto donde se hallase, á no ser que fuera el retiro de su cuarto á que había conservado singular afición.

Un día, por ser el santo tutelar de la villa de Junquera, celebrábase una concurrida romería en las márgenes poéticas del río Ambia, cuyas claras transparentes aguas se deslizan suavemente bajo una copa de olorosos arbustos. De las inmediatas poblaciones y quintas acudió no poca gente á la función, quien por orar en la ermita del santo, quien por comer sabrosamente con sus amados la rica y caliente empanada sobre el musgo, quien por bailar al son de la gaita melancólica, quien, en suma, por disfrutar de todos estos placeres á la vez. No quiso Andrade, cuyo amor á su hija crecía con el mal interno de

esta, desperdiciar fiesta tan concurrida, en que tal vez Blanca hallase mas distracción que en otras análogas ocasiones, y además, conservando pura en el corazón la fé, esperaba que acaso la intercesión de aquel santo alcanzase la salud, que era el único bien que le faltaba para volver á ser tan dichoso como siempre había sido y cual nadie podría serlo mas en la vida. Blanca se prestó con su incrédula y melancólica sonrisa á este nuevo experimento, y, al ser de día, para que no se motejase su morosidad, estaba lista con su blanquísimo traje que daba á su palidez cierto aire fantástico y caprichoso lleno de encanto y poesía. Los criados aprestaron abundantes manjares, y seguidos de ellos y de otros cargados de cirios labrados que llevaban para ofrecer en la ermita, se encaminaron á Junquera de Ambia, cuyas saludables aguas son tan nombradas en aquellas comarcas. Cabalgaba Blanca en un linda hacanea que adornaban jamúas de terciopelo carmesí con clavos de plata y una rica gualdrapa en que estaban bordadas las armas de la ilustre familia de Andrade. D. Jacobo, á su lado, montaba un fogoso alazan cuya abundante y suelta crin se mecía en raudo y desigual movimiento.

La concurrencia fué numerosa, y, después de cumplir con los deberes del culto, era de ver el cuadro poético que ofrecía la pradera. El baile por un lado y por otro el olor de succulentos manjares servidos sobre el césped entretenían agradablemente á cuantos allí se hallaban,

mezclando uno y otro recreo con la alegre risa y sazónada chanza. El hidalgo de Maceda y su hija empezaron su festín con mas sosiego, pero sin tristeza, pues Blanca se hallaba aquel día mas animada que de costumbre y como presagiando algun acontecimiento que la sacase de la especie de letargo en que, durante tanto tiempo, había vivido. De repente, al volver á un lado la cabeza, se quedó aborta, enagenada, y lanzó un ay! de sorpresa, imperceptible para todos, menos para su padre que, con tan solícito amor, seguía sus menores movimientos. Habíase quedado suspensa al reparar en una alegre y fresca jóven que, cercana á ella, y acompañada de su familia, observaba el baile y trinchaba una ave bien cebada. Después de un momento de contemplación que parecía de arrobamiento, una animación desusada se pintó en su rostro y una sonrisa de amor y confianza retozó por sus labios, ya otra vez rojos de juventud y júbilo. No acertaba D. Jacobo á explicar aquel cambio, y mas cuando su hija le preguntó si conocía aquella familia vecina. Conocía, sí, aunque no á la jóven que tanta impresión había causado en el ánimo de Blanca. Su cabeza era una señora mayor, llamada Doña Catalina de Saravia, muy respetada, por su amor á los pobres, por su trato lleno de dulzura y por ser el amparo de cuantos á ella acudían; sin duda, las personas que la rodeaban pertenecían á su familia. Manifestó Blanca deseos de entrar en conversación con aquellas personas, especialmente con la jóven que podía

ser, con diferencia escasa, de su misma edad, y Andrade, para quien era un motivo de júbilo el tener esta ocasión de satisfacer tan inocente capricho, se apresuró a complacerla.

Al poco rato las dos familias mendaban reunidas y Blanca se hallaba en alegre y festiva conversación con Luisa de Figueroa, que era la joven cuyo rostro no cesaba de contemplar. Supo, en breve, de esta que era sobrina de la señora de Saravia y que, desde el año anterior, vivía con ella en su casa de Allariz. Al cabo de una hora eran las dos doncellas ya íntimas amigas, y, cuando llegó la de separarse, no pudieron verificarlo sin ofrecerse que se verían con frecuencia. Andrade instó mucho a Doña Catalina a que fuera con su sobrina a pasar algunos días al castillo de Maceda, y a tanta fineza y a los ruegos de Luisa y al deseo de conocer aquel nombrado albergue no pudo resistir la complaciente tía; por lo cual quedó concertado que, en la entrante semana, se verificaría la visita.

Eternos parecieron a Blanca los días que faltaron; pero, ya no le causaba tedio ni dolor cuanto la cercaba, sino antes bien hablaba del provenir con cierta esperanza de felicidad que alegraba el corazón del padre. Formaba risueños planes para las próximas romerías, en las cuales siempre tenía una parte muy activa su nueva amiga. D. Jacobo, a quien también habían prendado las gracias de Luisa y que abrigaba cierta secreta esperanza de que la alegría de esta templase la melancolía de Blanca, acogía con júbilo seme-

jantes proyectos y veía en ella un ángel bajado a la tierra para reconciliar con la vida a otro ángel, mas lleno de idealismo.

El plazo fatal terminó y los huéspedes llegaron. El cuarto de Luisa lo había arreglado su amiga cercano al suyo con un cariño de hermana, y, desde la primer hora, ambas fueron a visitar juntas las estensas galerías, tratándose ya con una intimidad estremada. Sin embargo, había una cosa que deseaba Blanca saber y no se atrevía a preguntarla. De mil modos empezó conversaciones de familia hasta que su amiga pudo decirle naturalmente que tenía dos hermanos, el uno mucho mayor que ella, y el otro un año menor. Al escuchar esta revelación, hubiera querido Blanca estar sola para dar rienda suelta a su emoción profundísima; pero, tratando de comprimirla hizo mil preguntas encaminadas las más a indagar algunas particularidades relativas a aquel hermano tan joven. De su figura nada le dijo Luisa ni parecía bien preguntarlo; pero, de su carácter hizo tantos elogios su hermana que, al decir de ella, no había de tener Galicia marido que más feliz hiciera a su mujer.

-“Tú misma, le dijo un día, podrás juzgar por tus ojos en breve, porque va a venir a hacer una visita, desde el Ferrol.”

-“¿Desde el Ferrol?”... Luego es...

-“Marino.”

-¡“Dios mío!”

Y Blanca pudo respirar apenas de gozo al escuchar esta última palabra.

No tardó mucho en percibirse el

eco de los lejanos pasos de un corcel impetuoso que al castillo se encaminaba. Desde las almenas divisó que en él cabalgaba un joven marino con la gorra que adornaba una ancla de oro. Las dos amigas bajaron presurosas la soberbia escalera del castillo y no es fácil decir cual de sus corazones latió con más ímpetu... voló el corcel, saltando cuanto estorbo se oponía a su paso, y el joven marino, lanzándose a tierra, estrechó tiernamente a su hermana a quien profesaba un cariño sin límites. En seguida saludó cortesmente a Blanca.

No es posible imaginar el efecto que produjo semejante saludo en la joven. El sonrosado de sus labios desapareció rápidamente, sus mejillas recobraron su pasada palidez y un velo de muerte anubló sus ojos. Hubo de sostenerla su amiga, y aun de llevarla a su cuarto a fin de que descansase. A las preguntas que esta le hacía, solo pudo conseguir una exclamación melancólica y angustiosa: “No se parece a tí” y vencida por el dolor, cayó en su lecho, sepultura de sus ilusiones.

En aquella misma noche se apoderó de ella el delirio y una calentura violentísima; Luisa y su padre no se apartaban de su lado. Solo, de vez en cuando, pretestando que apetecía descanso, cerraba las cortinas de la cama y se negaba a toda conversación; mas, entonces se oían sollozos ahogados y se percibía que se incorporaba. En el testero inferior había colgado un cuadro que cubría un delgado velo, el cual jamás había visto nadie. Suponíase que



sería alguna imagen de su adoración y hasta su padre respetaba aquel inocente misterio.

La enfermedad aumentaba de día en día, y los médicos empezaban a salir del cuarto de Blanca con aire pensativo y de aflicción. Contestaban distraídos a las preguntas que se les hacían y hablábase al oído con breves y cortadas palabras. Todo respiraba ya luto y dolor en el castillo de Maceda.

Una noche, a las altas horas, ya, lucía una lámpara suspendida del artesonado, y, al pie del lecho, velaba Luisa sola, interin Andrade había ido de nuevo a consultar al médico en quien más confianza tenía. Blanca parecía más tranquila, y, estrechando entre sus manos las de su afectuosa amiga, le rogaba que, después de su muerte, conservase de ella un dulce recuerdo. "Oh! No, tú no morirás, tu juventud vencerá esa enfermedad, decía Luisa, y cuando hayas recobrado la salud, juntas recorremos el soto y los jardines, y te contaré entonces, oh! mi amiga, los recuerdos que estos sitios despiertan en mí.

-“¿Antes de ahora has estado en Maceda? Tu voz es tan dulce, oh! Luisa; refiérme los sucesos todos de tu vida... tus inocentes amores... todo... Ya sé que está prometida tu mano a un gallardo joven.

-“No me uniré a él hasta que estés restablecida. Pronto será, ¡Dios mío! ¿quién me lo había de decir el día aquel en que, al pie mismo de este castillo, hice por él tan gran sacrificio?.

-“¡Tú! ¡sacrificio! exclamó Blanca con desusada animación... “Por Dios habla.”

-“Fue el año pasado. Vivía yo en casa de mi hermano mayor que trabajaba por ahogar en mi pecho una pasión noble que ha de morir conmigo. Mi amado estaba ausente, y, viéndome sola, por sustraerme a una tutela tan odiosa, me vestí de hombre, y, acompañada de tres criados fieles, viajé toda una noche y una mañana después, y me refugié en casa de mi noble tía, que me dio amparo y protege mis amores inocentes.

-“Mas... hablaste de este castillo.

-“Tras una noche de galopar,

rayó el día cuando llegamos a las bardas de tu jardín... Recreándome en contemplar los torreones del castillo, me sirvieron de comer mis criados en el soto al pie de un roble que podré distinguir entre los otros... Te lo enseñaré Blanca.

-“Y aquel día” preguntó la enferma con voz convulsa, incorporándose en la cama, ¿cubría tu cabeza una gorra de marino? -“La de mi hermano”.



Blanca hizo ademán de tender la mano al velo que cubría el cuadro objeto de su adoración, lanzó un suspiro y cayó como herida del rayo.

En aquel momento entró D. Jacobo de Andrade. El y la joven descubrieron el cuadro, y con asombro vieron que representaba la hermosa figura de Luisa vestida de hombre con la fatal gorra en la mano. Ambos se precipitaron a prodigar sus caricias a Blanca... Ya no existía! Solo pudieron abrazar los despojos mortales de un cuerpo en que se había anidado el alma de un ángel.



PASATEMPOS

Pilar Aldemira



BUSCA OS OITO ERROS

SOPA DE LETRAS

Buscar os seguintes nomes:

1º.-Nome dunha rúa de Maceda. 2º.-Túmulo megalítico preto da Torre. 3º.- Personaxe moi importante na historia que viviu no castelo. 4º.-Pobo de Maceda no que hai unha ara romana. 5º.-Nome dunha fonte da vila que xa desapareceu. 6º.- Escritor, nado en Maceda que foi secretario de Emilia Pardo Bazán. 7º.-Nome dos artesáns do coiro. 8º.- Nome dos artesáns de Tioira. 9º.- Vivía na serra cunha loba e mais un corzo. 10º.- Personaxes moi ruidosos do Entroido macedán.

O	A	S	C	A	N	T	E	I	R	A	S	O	G
I	N	O	F	E	W	M	I	R	A	B	I	E	U
B	O	S	A	E	O	A	G	A	N	D	I	L	A
A	P	A	I	S	L	M	A	R	I	A	A	L	R
S	I	S	L	I	S	O	R	I	O	D	J	I	N
L	D	A	M	G	A	A	S	T	I	S	O	R	I
E	A	D	E	U	L	T	R	V	C	A	L	U	C
X	S	U	N	E	R	O	L	E	E	M	A	S	I
O	M	R	T	C	I	E	S	O	R	I	E	L	O
S	A	N	E	O	U	S	A	L	A	M	E	N	N
N	S	I	O	N	A	D	I	E	E	S	P	E	E
O	D	S	A	N	M	A	M	E	D	E	S	U	I
F	E	M	A	S	V	A	L	E	P	A	J	A	R
L	L	A	V	I	D	A	E	S	M	A	S	C	O
A	L	C	A	T	R	U	Z	A	D	U	T	S	S

ENCRUCILLADO

Horizontais: 1.- Sacerdote celta. Parte superior da perna ata o xeonllo. 2.- Vogal. Consoante. Do verbo ser. De valor ou prezo elevado. 3.- Natureza. Pel das ovelas. 4.- Febra longa e delgada. Nota musical. 5.- Comezo de rocha. Personaxe de conto infantil. Lugar onde se realizan os labores da malla. 6.- Preposición. Ó revés, tecido. Consoante repetida. 7.- Ó revés, bebida alcohólica. Vogal. Galiñas novas. 8.- ... vadis (expresión latina). Entrante do mar na terra polo río. Segunda vértebra da rexión cervical. 9.- Interrogativo de lugar. Ó revés nota musical. Parte da obra musical na que a acción se complica. Ó revés "Campeador".

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1							■			■	
2		■		■		■					
3							■			■	
4				■			■		■		
5			■				■				
6		■				■				■	■
7				■		■					
8				■				■			
9		■			■						
10				■							

Verticais: Parroquia con ermida pertencente ó Concello de Maceda. 2.- Letra do abecedario. Criado que se ocupa da educación dos infantés. Conxunción. Número romano. 3.- Graxa dos animais. Ó revés, adverbio que significa "dende logo que si". 4.- Número romano. Vogal. Infusión. Lado do navío que dá ó lado de onde vén o vento. 5.- Facer líquido mediante a calor. 6.- Artigo determinado feminino. Vogais. Átomo con carga eléctrica. 7.- Número romano que significa 100. Tea grosa de algodón. 8.- Aldea do Concello de Maceda. Derradeira letra do abecedario. 9.- Prega. En feminino "só, sen ninguén". 10.- Expresa comezo dunha acción. Camiñar, andar. Que se move con rapidez. 11.- Autentifica co seu nome. Dise do producido polo choque de cousas duras sen resonancia.



¡Colabora connosco. A túa axuda cómprenos!

Aproveitando esta revista -que hoxe ve a luz e coa ilusión de que perdure por moito tempo, diso encargarámonos nós coa axuda, claro está, de moitísimas máis persoas que esperamos nos botedes unha man para conseguir este desexado obxectivo- queremos solicitar a axuda de todos aqueles/as que consideredes paga a pena tal andaina, colaborando connosco aportando ideas, participando na programación e mais realización de actividades a desenvolver pola Asociación así como a elaboración de sucesivos números da revista ALCATRUZ e/ou facendo unha pequena aportación económica para poder afrontar os gastos que levará consigo a dinamización desta nosa Asociación cultural.

De teres a intención de brindarnos a túa colaboración podes facelo ben a través do blog da Asociación cultural AIRA DAS MANTAS (www.blogoteca.com/airadasmantas) ben por medio dun ingreso de 20 euros -cota anual establecida para o ano 2008- na conta que a Asociación temos aberta en CAIXANOVA.


¡Ti es moi importante para nós!

Asociación cultural AIRA DAS MANTAS

SOLUCIÓN PASATEMPOS

10	E	I	X	O		N	A	Z	A	L	A
9	U	A	L	A	L	O	N	D	I	C	
8	O	U	O	R	I	A	A	E			
7	N	O	R	E	P	O	L	A	S		
6	A	A	E	T		L	L				
5	R	O	T	E	O	E	I	R	A		
4	F	I	O	R	E	V	I	N			
3	N	A	T	U	R	A	L	A	I		
2	O	N	E	C	A	R	A	S			
1	D	R	U	I	D	A	C	O	A		
11	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11

10ª	Felos
9ª	San Mamede
8ª	Oleiros
7ª	Guarnicióneros
6ª	Manuel Vidal
5ª	Alcatruz
4ª	Asadur
3ª	Alfonso X "O Sabio"
2ª	Mámoa
1ª	As Canteiras
SOPA DE LETRAS	



PARA OS MÁIS CATIVOS

(ata os 8 anos)

M. C. Aldemira e Avelina Losada

ANÍMATE!

Participa, respostando ás preguntas e facendo o debuxo que che propoñemos (podes empregar calquera técnica para confeccionalo, como por exemplo lápices de cores, ceras, rotuladores, témperas, acuarelas,...; utiliza un papel de tamaño A4 e, por suposto, axeitado á técnica que empregues)

Logo, antes de que remate o mes de agosto, entrégao na Biblioteca Pública de Maceda se queres te-la posibilidade de que saia publicado no vindeiro nº da Revista ALCATRUZ, caso de estar entre os seleccionados/as. Ah! e non te esquezas de poñer por detrás: Nome e Apelidos, Idade e Localidade na que vives.



Era unha vez un país no que non se conocían as cidades. Os seus habitantes vivían espallados en pequenos lugares e aldeas ocupando veigas e montañas. Os camiños que o atravesaban parecían carreiriños de formigas traballadoras.

Certo día chegou a noticia de que noutras partes do mundo había enormes cidades e iso era o que representaba a civilización e o progreso.

Os mais atrevidos deron en dicir que a terra das Mil Aldeas –tal era o nome que os mapas lle asignaban ó noso país, debía ter unha impresionante cidade, para non ser menos que outras nacións.

Ese motivo serviu para reunírense os dos chans, os dos vales e os das serras nun concorrido concello no que tomaron a determinación de construír un novo paradiro que fose a admiración de todos.

Xuntáronse con esa finalidade unha chea de carpinteiros, canteiros, de albañeis e de arquitectos que foron dando pouquiño e pouco forma á única cidade coñecida naquela redonda. Desde as al-



deas desprazáronse obreiros, vendedores de comida, negociantes, ... ¡que sei eu!.

O caso é que de a noite para a mañá os vales, as montañas e os chans quedaron sen unha alma que os atendese e adornase, mentres a cidade se ía transformando nunha xigantesca colección de edificios. E como xa non servían os antigos concellos, inventaron un único Parlamento que os gobernase.

A primeira decisión que tomou esta institución foi cambia-lo nome do país. E promulgou un decreto ordenando que de agora para adiante se corrixisse a nomenclatura de tódolos mapas e planos. Onde antes dicía “Terra das Mil Aldeas” debería pór “Nación da Gran Cidade”.

As casas multiplicáranse como por arte de maxia e as rúas e prazas de contado pasaron a ser un fervedoiro de barullos e rúidos. Pero estes novos habitantes, tan de présa levaron a cabo a construción, que se esqueceron por completo de reservar lugares axeitados para árbores e xardíns. Pola contra; a cidade avanzaba ameazadora devorando os bosques e campos que a arroteaban coas súas fábricas e chemineas fumegantes.

Pasaban os anos e o mesmo que a cidade devoraba irremediabilmente os campos dos arredores, nas aldeas as casas ían desaparecendo invadidas por hedras e silveiras. Os seus amos, tan entretidos nos trafegos do novo paradoiro, nin se acordaban de vir abri-las portas.

Era deste xeito como se estaba borrando a imaxe real do país igual ca se borrara o nome verdadeiro de tódolos mapas.

Nun escondido e afastado val atopábase unha pequena aldea. Polo norte limitaba coa primavera da fraga. Polo sur lindaba coa primavera dos prados. O leste abríalle as fiestras cara á primavera das rosas. E o oeste reflectíalle a primavera dos loureiros.

(...)

** Isto só é unha parte do libro citado. Se queres saber como remata, pasa pola Biblioteca e pídeo para acabar de lelo.*

Preguntas

- 1.- Sabes onde naceu Xoán Babarro, o autor deste libro? De non sabelo, búscalo.
- 2.- Que nome lle poñerías ti á nova cidade?
- 3.- Como ves ti a primavera no teu pobo? Descríbea.
- 4.- Debuxa ti a cidade que che gustaría.
- 5.- Se vivises nesta cidade ¿que oficio elixirías? Por que?
- 6.- Coas présas ¿de que se esqueceron?
- 7.- Coa nova cidade ¿que lles pasou ás aldeas?
- 8.- Gustaríache que ocorrera isto onde vives? Por que?

